

Condicións xerais do **Seguro Vivienda** **BBVA Allianz**

Índice

Capítulo Preliminar	3
Capítulo I - Definicións.....	3
Capítulo II - Intereses asegurables	5
Capítulo III - Criterios de valoración	6
Capítulo IV - Modalidades de aseguramento.....	6
Capítulo V - Coberturas aseguradask	6
Capítulo VI - Asistencia na vivenda.....	13
Capítulo VII - Exclusionís xerais	14
Capítulo VIII - Cláusula de indemnización das perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España en seguros de danos nos bens.....	14
Anexo I - Servizo asistencia informática	18
Anexo II - Servizo mantemento do fogar «Reparación»	21
Anexo III - Servizo mantemento por uso e deterioración	23
Anexo IV - Servizo reparación de avarías liña branca	24
Capítulo I - Definicións.....	24
Capítulo II - Obxecto do contrato.....	24
Capítulo III - Procedemento en caso de sinistros	24
Capítulo IV - Garantías aseguradas	25
Capítulo V - Limitacións e exclusionís do risco e cláusulas limitativas dos dereitos do asegurado	25
Anexo V - Servizo exprés.....	27
Anexo VI - Servizo de defensa xurídica	28

Capítulo Preliminar

Lexislación aplicable

Este contrato de seguro réxese polo disposto na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro; así como polo establecido na Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras; no Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras e, de ser o caso; na Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores.

Instancias de reclamación

Independentemente da vía xudicial ordinaria, o tomador, o asegurado, os beneficiarios, os terceiros prexudicados ou habentes dereito duns e doutros poden presentar unha reclamación por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente da entidade aseguradora (tfn. grauíto: 900 107 401). Se o devandito servizo non responde no prazo de dous meses ou se a resposta non fose satisfactoria para os intereses do reclamante, pode solicitar o pronunciamento do Defensor do Cliente da entidade (correo electrónico ddc@bbvaallianz.es), conforme o Regulamento para a defensa do cliente que regula esta institución e o Servizo de Atención ao Cliente, ou ben directamente, no caso de que a reclamación se refira á condición de usuario de servizos financeiros da entidade aseguradora, dirixíndose ao Comisionado para a Defensa do Asegurado, paseo de la Castellana, 44 - 28046 Madrid. Incluso cando solicitase o criterio do Defensor do Cliente, posteriormente poderá efectuar reclamación ao Comisionado para a Defensa do Asegurado no caso de que esta se refira á condición de usuario de servizos financeiros da entidade aseguradora.

BBVA ALLIANZ SEGUROS non está adherido a unha xunta arbitral de consumo para a resolución de conflitos relacionados con este contrato.

Capítulo I - Definicións

Para os efectos desta póliza de seguro, enténdese por:

1.1. ENTIDADE ASEGURADORA

É BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A, con domicilio social na calle Ramírez de Arellano, 35 28043 Madrid. Está inscrita no Rexistro da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones, coa clave C0807, correspóndelle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones do Ministerio de Economía e Empresa do Estado español o control da súa actividade. É a compañía aseguradora que asume as obrigas e os riscos pactados neste contrato (en diante, «a compañía»).

1.2. TOMADOR

É a persoa física ou xurídica que subscribe este contrato coa entidade aseguradora. Correspóndenlle ao tomador as obrigas que deriven do contrato, salvo as que, pola súa natureza, deban ser cumpridas polo asegurado

1.3. ASEGURADO

É a persoa física ou xurídica titular do interese obxecto do seguro e que, se é distinto do tomador, asume as obrigas do contrato en defecto deste.

Cando o tomador sexa unha persoa xurídica, considérase tamén como asegurado a persoa usuaria habitual da vivenda nos mesmos termos e condicións ca se esta fose o tomador.

Cando se trate dunha póliza dunha vivenda destinada ao alugamento cuxo tomador é o propietario, se este opta por incluír o interese asegurado de contido xeral, tamén se considera como asegurada a persoa que aluga (arrendatario) e os que convivan con ela.

Tamén se consideran aseguradas as persoas que conviven habitualmente co asegurado, con excepción do persoal doméstico, salvo para a cobertura de responsabilidade civil.

1.4. TERCEIRO

Enténdese por terceiro toda aquela persoa física ou xurídica distinta do tomador e do asegurado.

1.5. VIVENDA FABRICADA DE MADEIRA

Para os efectos deste seguro, considérase como vivenda fabricada de madeira aquela que ten as columnas, vigas, muros de carga e demais elementos portantes e de peche, ou só os de peche, maioritariamente de madeira.

1.6. VIVENDA HABITUAL

É a vivenda utilizada como residencia polo asegurado durante máis de 6 meses dentro do ano natural.

Así mesmo, non teñen carácter de vivenda habitual as vivendas de vacacións ou de fin de semana ou as destinadas a alugamento. Se o tomador é inquilino, é residencia habitual a que este ocupa como arrendatario nas mesmas condicións anteriormente expresadas.

1.7. VIVENDA SECUNDARIA

É a vivenda que se utiliza esporadicamente, nas fins de semana, vacacións ou outros períodos de duración inferior a 6 meses dentro do ano natural.

1.8. VIVENDA DESHABITADA

É a vivenda propiedade do asegurado que non está habitada; é dicir, non é a súa residencia habitual, nin secundaria, nin está alugada a outras persoas.

1.9. VIVENDA ARRENDADA OU DESTINADA A ALUGAMENTO

É a vivenda propiedade do asegurado que este ten en alugamento a outras persoas.

1.10. VIVENDA EN DESPOBOADO

É todo edificio destinado a vivenda situado a unha distancia de máis de 3 km desde o límite dun núcleo urbano e que non reúna as condicións e características dunha urbanización, entendendo como tal unha edificación ou conxunto de edificacións que dispoña de todos e cada un dos servizos públicos seguintes: iluminación, auga e rede de sumidoiros.

1.11. FALTA DE MANTEMENTO

É a ausencia ou o defecto de aplicación das operacións e dos coidados necesarios para que as instalacións da vivenda asegurada poidan seguir funcionando adecuadamente de forma continuada e sen producir desperfectos.

1.12. MEDICIÓN DOS FENÓMENOS METEOROLÓXICOS

Os datos dos fenómenos meteorolóxicos que se establecen nas coberturas deste seguro verificaranse mediante informes expedidos pola Axencia Estatal ou Autonómica de Meteoroloxía, a partir de datos obtidos de medidores situados na poboación na que se sitúa o risco ou outra próxima (dentro dun raio de 20 quilómetros). No caso de non existir medidor, teranse en conta como proba outros documentos de organismos públicos con servizos de meteoroloxía, noticias de prensa ou a existencia de danos similares en edificacións semellantes e próximas á asegurada.

1.13. INQUILINO

Considérase inquilino o tomador dunha póliza modalidade «Protección inquilino» que habita unha vivenda que non é da súa propiedade nin dos seus familiares directos.

1.14. SINISTRO

Conxunto de feitos ou eventos cubertos pola póliza. Entenderase como un único sinistro todo aquel dano causado por un mesmo evento.

1.15. ANIMAIS DOMÉSTICOS

Calquera animal que viva en compañía do asegurado na vivenda asegurada e cuxa posesión cumpra as disposicións de calquera tipo dadas polas administracións públicas e que ademais non sexa utilizado en actividades profesionais ou empresariais.

Deberase acreditar a propiedade dos animais causantes dos danos por calquera medio admitido en dereito (como identificación polo número de chapa, tatuaxe, microchip ou documentos de compra con declaración de titularidade).

Capítulo II - Intereses asegurables

2.1. CONTINENTE - CONSTRUCCIÓN PRINCIPAL

O conxunto formado pola construción principal (cimentos e muros, terrazas, forxados, vigas e piares, paredes, teitos e solos, cubertas e fachadas, portas e ventás). Inclúense as instalacións fixas e os aparatos fixos para servizos da vivenda, que non estean incluídos no apartado 2.5 CONTIDO XERAL. Será de aplicación nos casos nos que estea contratado expresamente na póliza.

2.2. CONTINENTE - ANEXOS

O conxunto formado polos elementos edificados propiedade privativa do Asegurado e complementarios á construción principal, situados no mesmo edificio, urbanización ou parcela que a vivenda, como por exemplo, rochos, garaxes, casetas, construcións auxiliares, etc. Será de aplicación nos casos nos que se atope contratado expresamente na póliza.

2.3. CONTINENTE- ELEMENTOS COMÚNS

Sempre que os elementos comúns consten contratados expresamente na póliza, aseguraranse, baixo as mesmas condicións ca os anexos, definidos en coeficiente de participación. Poderase comprobar a súa existencia mediante catastro ou escritura pública. Será de aplicación nos casos nos que se atope contratado expresamente na póliza.

2.4. CONTINENTE - INSTALACIÓNS ADICIONAIS

O conxunto formado por elementos e instalacións de todas as clases (de recreo, instalacións deportivas, piscinas, axardinamento, valados, muros, cercas, pérgolas fixas etc.), afectos á vivenda que non son edificacións. Será de aplicación nos casos nos que estea contratado expresamente na póliza.

2.5. CONTIDO XERAL

Bens mobles, mobiliario de coziña e mesados, electrodomésticos, útiles domésticos de uso persoal, roupa, víveres e provisións e demais obxectos que estean dentro do continente obxecto do seguro e que sexan propiedade do asegurado ou das persoas que convivan con el. Será de aplicación nos casos nos que estea contratado expresamente na póliza.

Non se inclúen no contido xeral os animais vivos, nin os vehículos a motor, nin os remolques, nin as caravanas.

Tampouco se inclúe o diñeiro en efectivo nin os bens especiais, definidos nos apartados 2.6 e 2.7 seguintes.

2.6. CONTIDO - DIÑEIRO EN EFECTIVO

As moedas e billetes de curso legal que sexan propiedade do asegurado ou das persoas que convivan con el.

2.7. CONTIDO - BENS ESPECIAIS

Calquera ben moble de valor unitario superior a 3000 EUR que poida ser transportado por una soa persoa sen necesidade de axudarse dalgún utensilio ou maquinaria. Para efectos do seu valor unitario, as coleccións, xogos e conxuntos entenderanse como un só ben. Será de aplicación nos casos nos que estea contratado expresamente na póliza.

Capítulo III - Criterios de valoración

VALOR DE CONTINENTE (CONSTRUCCIÓN PRINCIPAL, ANEXOS E INSTALACIÓNS): inclúe todos os custos necesarios para a total reconstrucción de todas as construcións, edificios ou instalacións.

VALOR DO CONTIDO (XERAL E BENS ESPECIAIS): inclúe todos os custos necesarios para a reposición, considerando tanto a adquisición dos bens novos sen utilizar de igual ou similares características como o transporte e a instalación no domicilio asegurado.

Capítulo IV - Modalidades de aseguramento

4.1. MODALIDADE DE ASEGURAMENTO PARA CONTINENTE (CONSTRUCCIÓN PRINCIPAL E ANEXOS) E CONTIDO (XERAL, EFECTIVO E BENS ESPECIAIS): INDEMNIZACIÓN TOTAL LIMITADA

Esta modalidade de aseguramento supón a indemnización do dano ou perda sufrido polos bens asegurados co límite da indemnización máxima por evento establecida nas Condicións Particulares para cada un dos intereses de forma individual, sen prexuízo dos límites de cobertura establecidos no capítulo V, denominado «Coberturas aseguradas».

Baixo esta modalidade de aseguramento, a compañía renuncia á aplicación da regra proporcional por infraseguro. Non obstante, no caso de declaración incorrecta das superficies construídas, a indemnización verase reducida da seguinte forma:

- Para a indemnización correspondente á construción principal e ao contido xeral situado nesta, aplicaráselle unha redución proporcional á diferenza entre os metros cadrados construídos e os declarados na póliza no concepto de construción principal.
- Para a indemnización correspondente aos anexos e ao contido xeral situado nestes, aplicaráselle unha redución proporcional á diferenza entre os metros cadrados construídos e os declarados na póliza no concepto de anexos.

A indemnización correspondente ao diñeiro en efectivo e aos bens especiais non se verá afectada.

4.2. MODALIDADE DE ASEGURAMENTO PARA INSTALACIÓNS ADICIONAIS (CONTINENTE): INDEMNIZACIÓN EN FUNCIÓN DO VALOR DECLARADO

Esta modalidade de aseguramento supón a indemnización do dano ou perda sufrido polos bens asegurados, co límite da indemnización máxima por evento establecida nas Condicións Particulares, sen prexuízo dos límites establecidos no capítulo V, denominado «Coberturas aseguradas», e coa posibilidade de redución da indemnización en caso de aplicación da regra proporcional por infraseguro en función do valor declarado e o valor destas no momento do sinistro.

4.3. ACTUALIZACIÓN DE PRIMAS

O importe da prima será revisado cada ano polo asegurador con carácter xeral, con base nos principios de equidade e suficiencia establecidos na normativa aseguradora. O criterio para determinar a nova prima fundamentarase en estudos de carácter técnico-actuariais e teranse en conta, adicionalmente, as causas de agravacións ou diminucións do risco e posibles modificacións de coberturas.

Capítulo V - Coberturas aseguradask

Establécense cinco grupos de coberturas, en función das modalidades contratadas segundo o establecido nas Condicións Particulares: 1. Protección básica e responsabilidade civil. 2. Roturas, danos eléctricos e bens refrixerados. 3. Protección ampliada e roubo. 4. Ampliacións alto valor. 5. Protección inquilinos.

Non se pode contratar ningunha das modalidades adicionais comprendidas entre os números 2 e 5 sen contratar a modalidade 1: protección básica e responsabilidade civil.

5.1. PROTECCIÓN BÁSICA E RESPONSABILIDADE CIVIL

Indemnizarase o asegurado polos danos materiais repentinos, accidentais e directos que sufran os bens asegurados como consecuencia directa de:

5.1.1. INCENDIO, EXPLOSIÓN, CAÍDA DE RAIO E FUME

5.1.2. INUNDACIÓN E DANOS POR LÍQUIDOS

1. Considérase inundación e danos por líquidos:

- Molladura por líquidos ao produciéndose escapes, derramamentos ou desbordamentos procedentes de aparatos ou depósitos fixos, ou de instalacións fixas.
- Molladura por líquidos ao producirse omisión de peche de chaves de paso ou de billas.

2. Aínda tratándose de danos materiais ou repentinos, tamén se indemnizarán por esta cobertura:

- Os gastos de localización e reparación da avaría na instalación propia causante do dano, cando este exista ou cando sexa preciso cerrar a chave de corte xeral para evitar a súa aparición.
- O custo do exceso de gasto de auga, medido por contador, pagado polo asegurado con motivo dun feito accidental cuberto, co límite por ano establecido nas Condicións Particulares.
- A localización e reparación das fugas ou escapes de tubos afectados por corrosión ou oxidación, así como o arranxo dos desperfectos directos causados pola citada localización, sempre que a devandita corrosión ou oxidación non puidese ser coñecida de antemán polo asegurado.

5.1.3. CHUVIA ABUNDANTE, VENTO FORTE, PEDRAZO OU EXCESO DE PESO DE NEVE ACUMULADA

Considérase chuvia abundante toda precipitación rexistrada superior a 40 litros por metro cadrado e hora.

Considérase vento forte todo aquel con refachos de velocidade rexistrados superiores a 70 quilómetros por hora. Tamén se cobren os danos causados polos obxectos arrastrados ou abatidos por este.

5.1.4. GASTOS DE RESTAURACIÓN ESTÉTICA

Adicionalmente, indemnizarase o asegurado polos gastos necesarios para restablecer a composición estética dos bens asegurados ao perderse esta pola reparación de danos producidos por un feito accidental cuberto. Estes gastos comprenderán a reparación ou substitución de bens asegurados, na mesma estancia sinistrada, utilizando materiais de similares características aos que existían no momento inmediatamente anterior a que ocorrese o feito cuberto, sempre e cando a composición estética non estivese xa alterada como consecuencia dunha situación allea a que ocorrese o feito accidental cuberto.

A indemnización correspondente aos citados gastos ten un límite por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.1.5. GASTOS DE DESENTULLO, SALVAMENTO E TAXA DE BOMBEIROS

Adicionalmente, indemnizarase o asegurado polos gastos en que incorra para a demolición e desentullo dos bens asegurados danados e os orixinados por medidas para salvamento ou minoración dos danos cando se produce o feito cuberto. Tamén será indemnizado pola taxa que lle facture o servizo de bombeiros cando actúe por un evento cuberto. Estes gastos indemnizaranse adicionalmente aos danos cubertos. O límite máximo indemnizable por estes gastos é a indemnización máxima correspondente aos intereses asegurados de continente (construción principal, anexos e instalacións adicionais) máis a correspondente ao contido xeral e bens.

5.1.6. VIVENDA DE SUBSTITUCIÓN (HABITUAL) E REEMBOLSO DE ALUGAMENTOS

5.1.6.1. VIVENDA DE SUBSTITUCIÓN (HABITUAL)

Se a vivenda asegurada ten o carácter de vivenda habitual do asegurado e resultase inhabitable con motivo de que se producese un feito accidental cuberto, indemnizarase o asegurado durante o tempo necesario para reparar os danos polos conceptos seguintes:

- Alugamento dunha vivenda similar á asegurada, co límite por sinistro establecido nas Condicións Particulares.
- O custo do aloxamento do asegurado e das persoas que habitualmente convivan con el, nun hotel ou establecemento similar, como máximo durante sete días consecutivos, que se contarán desde que ocorra o feito cuberto, cos límites, por sinistro e por persoa ao día, establecidos nas Condicións Particulares.

- Gastos de alimentación ou lavandería durante un período máximo de sete días consecutivos, que se contarán desde que ocorra o feito, cos límites, por sinistro e por persoa ao día, establecidos nas Condicións Particulares.
- Se o motivo da inhabilitabilidade fose a prohibición da ocupación por parte da autoridade civil como resultado directo dun feito cuberto con base no capítulo V, denominado «Coberturas aseguradas», que afectase a lugares veciños, indemnizarase o asegurado polos gastos de aloxamento en que se incorra para o mantemento do seu nivel de vida habitual, cos límites, por sinistro e por persoa ao día, establecidos nas Condicións Particulares.

5.1.6.2. REEMBOLSO DE ALUGAMENTOS

Se a vivenda asegurada ten o carácter de vivenda destinada ao alugamento e resultase inhabitable con motivo de que se produce un feito accidental cuberto, indemnizarase o asegurado durante o tempo necesario para reparar os danos, co límite por sinistro establecido nas Condicións Particulares. O importe mensual que se indemnizará calcularase como a suma dos alugamentos recibidos polo asegurado nos 6 meses inmediatamente anteriores ao feito accidental e dividirse entre 6.

5.1.7. DANOS CAUSADOS POR ROUBO AO CONTINENTE

Indemnizarase o asegurado polos danos materiais directos que sufran os bens incluídos dentro dos intereses asegurados do continente (construción principal, anexos e instalacións adicionais) como consecuencia dun roubo, ou o seu intento, cuberto no punto 5.3.1. «Subtraccións ilegítimas de bens realizadas por terceiros e producidas no interior da vivenda ou nos seus anexos».

5.1.8. RESPONSABILIDADE CIVIL EXTRA CONTRACTUAL

5.1.8.1. O BXECTO DA COBERTURA

Asegúrase a obriga de indemnizar a un terceiro cando o asegurado resulte civilmente responsable polos danos ou perdas causados no ámbito da súa vida privada, fóra de toda actividade profesional ou empresarial e fóra de toda obriga contractual.

Cando a vivenda obxecto do seguro non sexa a vivenda habitual, o obxecto da garantía queda limitado exclusivamente á responsabilidade civil do asegurado como propietario da vivenda asegurada.

Non son obxecto de cobertura:

- A responsabilidade derivada da propiedade de inmobles e de vivendas distintas á asegurada por esta póliza nin a responsabilidade do inquilino por danos á vivenda alugada, coa excepción do establecido nas coberturas correspondentes á modalidade «Protección inquilinos», sempre que se contrate esta.
- As indemnizacións que deban estar cubertas por un seguro obrigatorio.
- A responsabilidade por ter animais cando non se cumpran as disposicións da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e do Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, nin a responsabilidade por ter animais potencialmente perigosos.
- Non se cobren os danos causados por animais que non cumpran o calendario oficial de vacinacións (cartilla de vacinación) cando esta sexa a causa daqueles, tampouco os danos cando non estean baixo a custodia do asegurado.
- A responsabilidade por ter ou utilizar armas de fogo cando o asegurado non cumpra os requisitos esixidos pola autoridade pública.
- A responsabilidade pola conducción, pilotaxe, propiedade, custodia, alugamento ou utilización dunha aeronave ou similar, dun vehículo automóbil a motor, incluso remolques e caravanas, así como de embarcacións con motor.
- A responsabilidade derivada da participación en competicións organizadas por organismos públicos ou por federacións deportivas.

5.1.8.2. LÍMITES DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE CIVIL

Esta cobertura ten un límite por sinistro establecido nas Condicións Particulares e constitúe o máximo da indemnización que a compañía pagará como consecuencia de que ocorra un risco cuberto.

Adicionalmente, establécese un límite de indemnización nas Condicións Particulares para a responsabilidade civil en que incorra o Asegurado, de conformidade coa normativa vixente, polos danos persoais sufridos polos seus empregados domésticos, sempre que se xustifique tal relación e residan en territorio español.

5.1.8.3. ÁMBITO TERRITORIAL

Esta cobertura é válida en todo o mundo, sempre que as reclamacións se formulen de acordo coa lexislación e tribunais españois. As indemnizacións serán satisfeitas en euros e en España.

5.1.8.4. ALCANCE TEMPORAL DO SEGURO

Os danos cubertos deberían ter orixe durante a vixencia da póliza e as accións que deriven deles prescribirán aos dous anos de que sucedan.

5.1.8.5. GASTOS DE DEFENSA E FIANZAS CIVÍS

Indemnizarase o asegurado polos gastos de defensa e a constitución de fianzas por responsabilidade civil en procedementos penais e civís.

5.2. ROTURAS, DANOS ELÉCTRICOS E BENS REFRIXERADOS

Indemnizarase o asegurado polos danos materiais repentinos, accidentais e directos que sufran os bens asegurados como consecuencia directa de:

5.2.1. ROTURA DE CRISTAIS, VIDROS, MÁRMORES OU SIMILARES, LOUZA SANITARIA E PLACAS VITROCERÁMICAS, NO INTERIOR DO CONTINENTE ASEGURADO

Considéranse cristais, vidros e mármoreos ou similares os obxectos fabricados destes materiais distintos de enxoval, obxectos de man, decorativos, elementos de iluminación, placas solares ou que formen parte de equipos de imaxe e son ou de aparatos electrónicos.

5.2.2. ONDAS SÓNICAS E IMPACTOS DESDE O EXTERIOR CAUSADOS POR TERCEIROS

5.2.3. DANOS CAUSADOS POLA ELECTRICIDADE

Considéranse danos causados pola electricidade aqueles provocados por correntes anormais ou sobretensión da rede exterior de subministración eléctrica.

5.2.4. BENS REFRIXERADOS OU CONXELADOS

Considérase a deterioración de alimentos, de medicinas e fármacos depositados en aparatos frigoríficos da vivenda asegurada, como consecuencia dun feito cuberto pola póliza, dunha avaría do aparato ou dun fallo rexistrado da subministración eléctrica, co límite por ano establecido nas Condicións Particulares.

5.3. PROTECCIÓN AMPLIADA E ROUBO

5.3.1. SUBTRACCIÓN ILEXÍTIMAS DE BENS REALIZADAS POR TERCEIROS E PRODUCIDAS NO INTERIOR DA VIVENDA OU DOS SEUS ANEXOS

Indemnizarase o asegurado polo importe da perda dos bens subtraídos, en función de se a subtracción se produce:

5.3.1.1. CON FORZA NAS COUSAS OU VIOLENCIA/INTIMIDACIÓN SOBRE AS PERSOAS

Enténdese que existe forza nas cousas ou violencia/intimidación sobre as persoas sempre que se dea, polo menos, unha das seguintes situacións:

- Rotura ou forzamento con dano do mecanismo de pechadura de acceso á vivenda.
- Uso comprobado de chave falsa ou de utensilio substitutivo que provoque a apertura da citada pechadura.
- Escalada desde o exterior.
- Violencia ou intimidación física sobre o asegurado.

No caso de bens subtraídos dos anexos declarados nas Condicións Particulares, con rotura/forzamento de mecanismo de acceso a este ou dalgunha medida de seguridade, indemnizarase co límite máximo por ano establecido nas Condicións Particulares.

No caso de vivendas secundarias, o importe da indemnización para bens especiais terá un límite máximo por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.3.1.2. SEN FORZA NAS COUSAS NIN VIOLENCIA NIN INTIMIDACIÓN SOBRE AS PERSOAS

Nas Condicións Particulares establécese o límite de indemnización máxima por sinistro, que dependerá de se a subtracción foi realizada por un empregado doméstico ou por terceiros.

5.3.2. ATRACO AO ASEGURADO FÓRA DA VIVENDA HABITUAL ASEGURADA

Indemnizarase o asegurado polo importe dos bens subtraídos nun atraco realizado por un terceiro fóra da vivenda habitual con intimidación ou violencia, sempre que a vivenda asegurada sexa a vivenda habitual do asegurado. Serán de aplicación os límites máximos por sinistro establecidos nas Condicións Particulares, que se aplicarán de forma diferenciada para:

- O diñeiro en efectivo.
- O contido xeral e bens especiais de forma conxunta.

5.3.3. USO FRAUDULENTO DE TARXETAS DE CRÉDITO NAS PRIMEIRAS 24 HORAS

Indemnizarase o asegurado polo importe subtraído como consecuencia do uso fraudulento de tarxetas de crédito ou débito pertencentes ao asegurado ou persoas que convivan con el, dentro das primeiras 24 horas desde que se produciu o extravío ou a subtracción ilexítima, co límite máximo por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.3.4. DANOS CAUSADOS POR ROUBO AO CONTIDO

Indemnizarase o asegurado polos danos materiais directos que sufran os bens asegurados como consecuencia dun roubo, ou o seu intento, cuberto nos puntos 5.3.1 ou 5.3.2.

5.3.5. SUBSTITUCIÓN DE PECHADURA POR SUBTRACCIÓN DE CHAVES

Indemnizarase o asegurado polos gastos de substitución da pechadura da vivenda asegurada se se produce unha subtracción ilexítima cuberta polo apartado 5.3.1.1 ou un atraco cuberto polo apartado 5.3.2.

5.3.6. REPOSICIÓN DE DOCUMENTOS

Indemnizarase o asegurado polo importe dos gastos de reposición de documentos particulares e de información almacenada nun soporte magnético dentro da vivenda asegurada, como consecuencia dun risco cuberto, co límite máximo por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.3.7. ACTOS VANDÁLICOS OU MAL INTENCIONADOS DE TERCEIROS

Indemnizarase o asegurado polos danos materiais que sufran os bens asegurados por actos de vandalismo ou mal intencionados causados por terceiros.

No caso de que os devanditos actos os cause a persoa que aluga (arrendatario) a vivenda asegurada, indemnizarase co límite máximo por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.4. AMPLIACIÓNS ALTO VALOR

5.4.1. SUBTRACCIÓN SEN VIOLENCIA NIN INTIMIDACIÓN AO ASEGURADO FÓRA DA VIVENDA HABITUAL ASEGURADA

Indemnizarase o asegurado polo importe dos bens subtraídos ilexítimamente por un terceiro sen mediar violencia nin intimidación fóra da vivenda habitual, sempre que a vivenda asegurada sexa a vivenda habitual do Asegurado. Serán de aplicación os límites máximos por ano establecidos nas Condicións Particulares, que se aplicarán de forma diferenciada para:

- O diñeiro en efectivo.
- O contido xeral e bens especiais de forma conxunta.

5.4.2. SUBSTITUCIÓN DE PECHADURA POR EXTRAVÍO DE CHAVES

Indemnizarase o asegurado polos gastos de substitución da pechadura da vivenda asegurada se se produce o extravío das chaves, co límite máximo por ano establecido nas Condicións Particulares.

5.4.3. INFIDELIDADE DE EMPREGADOS

Indemnizarase o asegurado polo importe da perda dos bens subtraídos por un empregado doméstico que se aproveita do seu acceso á vivenda. Serán de aplicación os límites máximos por ano establecidos nas Condicións Particulares, que se aplicarán de forma diferenciada para

- O diñeiro en efectivo.
- O contido xeral e bens especiais de forma conxunta.

5.4.4. TRASLADO TEMPORAL DOS BENS ASEGURADOS DA VIVENDA HABITUAL

Indemnizarase o asegurado polos gastos de substitución da pechadura da vivenda asegurada se se produce o extravío das chaves, co límite máximo por ano establecido nas Condicións Particulares:

- Mentres se encontren dentro dunha vivenda ou estancia utilizada como residencia temporal á que fosen trasladados como máximo durante tres meses e por feitos cubertos nos apartados 5.1, 5.2 e 5.3.
- Como consecuencia dun accidente do medio de transporte no que eran trasladados.

5.4.5. GARANTÍA ESPECIAL DE DANOS

Indemnizarase o asegurado polo importe dos danos que sufran os bens asegurados con motivo de que se produza un feito incluído no capítulo V desta póliza, denominado «Coberturas aseguradas», en calquera das súas modalidades contratadas e cuxa causa estea excluída nelas por algún dos motivos seguintes: falta de mantemento das instalacións ou doutros elementos da vivenda; defecto de construción ou instalación; movementos estruturais do edificio asegurado; brotes vexetais procedentes do chan; aumento do nivel freático do subsolo.

Indemnizarase tamén o asegurado polo importe dos gastos necesarios para localizar, reparar ou substituír a parte dos bens asegurados que ocasionase os danos. En particular, cóbrese: a substitución de tubos por corrosión orixe dos danos, a reparación de elementos construtivos ou instalacións fixas da vivenda con defectos ou que estean en mal estado de conservación e orixinasen os danos.

A indemnización máxima por ano para esta garantía será a establecida nas Condicións Particulares.

5.4.6. TODO RISCO ACCIDENTAL

Indemnizarase o asegurado polos danos materiais directos nos bens asegurados como consecuencia de calquera feito que se produce de forma súbita e espontánea, alleo á vontade do asegurado e cuxa causa sexa distinta das detalladas no capítulo V desta póliza, denominado «Coberturas aseguradas», en calquera das súas modalidades contratadas.

Esta cobertura terá uns límites máximos por ano establecidos nas Condicións Particulares, que se aplicarán de forma diferenciada en función de:

- Se se trata de danos en aparatos eléctricos ou electrónicos, equipos informáticos e bens especiais.
- Se se trata dun dano por uso ou causa incluída dentro das seguintes:
 - Raspaduras, rabuñaduras, riscadas, escachaduras, gretas e, en xeral, calquera deterioración da superficie dos bens, salvo que deriven doutros danos de maior entidade amparados polo seguro.
- Os danos que sexan consecuencia de calquera clase de contaminación.
- Confiscación, expropiación, nacionalización, requisa ou danos nos bens por imperativo de calquera goberno ou autoridade (de feito ou de dereito).
- Colapso de estruturas, salvo que sucedan por axentes externos.

5.4.7. ASISTENCIA EXTRAORDINARIA

Nos feitos non incluídos polo resto das coberturas aseguradas no capítulo V desta póliza, denominado «Coberturas aseguradas», en calquera das súas modalidades contratadas, indemnízase o asegurado polos gastos de reparación dos bens asegurados sempre que se utilicen os servizos da propia compañía relacionados a continuación: Fontanería, Albanelería, Escaiola, Electricidade, Pintura, Cerrallería, Carpintería (de madeira ou metálica), Cristalería, Persianas, Enmoquetado, Parqué, Tapicería e Verniz.

O importe asumido en cada caso terá un máximo establecido nas Condicións Particulares, e quedará a cargo do propio asegurado o custo que exceda dese importe.

O límite de utilización por cada anualidade de seguro desta cobertura establécese, así mesmo, nas devanditas Condicións Particulares.

5.5. PROTECCIÓN INQUILINOS

5.5.1. COBERTURAS RELATIVAS AO CONTINENTE

5.5.1.1. RESPONSABILIDADE CIVIL LOCATIVA: DANOS ACCIDENTAIS Á VIVENDA CAUSADOS POLO INQUILINO

Indemnizarase o propietario da vivenda polos danos accidentais que cause o asegurado (inquilino) nos bens propiedade do dono e situados dentro da vivenda, co límite máximo por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.5.1.2. GARANTÍA ESPECIAL DE DANOS NA VIVENDA

Indemnizarase o propietario da vivenda polos danos accidentais que sufra a vivenda como consecuencia dos feitos cubertos nos puntos: 5.1.1 (incendio, explosión, caída de raio e fume), 5.1.2 (inundación e danos por líquidos), 5.1.3 (chuvia abundante, vento forte, pedrazo ou exceso de peso de neve acumulada), 5.1.7 (danos causados por roubo ao continente) establecidos na modalidade «Protección básica e responsabilidade civil», 5.2.1 (rotura de cristais, vidros, mármoreos ou similares, louza sanitaria e placas vitrocerámicas no interior da vivenda), 5.2.2 (ondas sónicas e impactos desde o exterior causados por terceiros) e 5.2.3. Danos causados pola electricidade, establecidos na modalidade «Roturas, danos eléctricos e bens refrixerados», co límite máximo por sinistro establecido nas Condicións Particulares.

5.5.1.3. DANOS ACCIDENTAIS AO CONTINENTE PROPIEDAD DO ASEGURADO/INQUILINO

Indemnizarase o asegurado polo importe correspondente aos danos causados a bens pertencentes ao continente coas mesmas condicións e coberturas establecidas nas modalidades «Protección básica e responsabilidade civil» e «Roturas, danos eléctricos e bens refrixerados», cun límite máximo por sinistro en función da indemnización máxima establecida para o interese asegurado «Contido xeral» establecido nas Condicións Particulares.

5.5.1.4. COBERTURAS INCLUÍDAS NO APARTADO REFERENTE Á MODALIDADE DE «PROTECCIÓN AMPLIADA E ROUBO»

Indemnizarase o asegurado coas mesmas condicións e límites ca os establecidos na modalidade «Protección Ampliada e Roubo» aseguradas pola cobertura de:

- SUBSTITUCIÓN DE PECHADURA POR SUBTRACCIÓN DE CHAVES.

5.5.2. COBERTURAS RELATIVAS AO CONTIDO

5.5.2.1. COBERTURAS INCLUÍDAS NO APARTADO REFERENTE Á MODALIDADE DE «ROTURAS, DANOS ELÉCTRICOS E BENS REFRIXERADOS»

Indemnizarase o asegurado coas mesmas condicións e límites ca os establecidos na modalidade «Rotura, danos eléctricos e bens refrixerados» aseguradas pola cobertura de:

- ROTURA DE CRISTAIS, VIDROS, MÁRMORES OU SIMILARES, LOUZA SANITARIA E PLACAS VITROCERÁMICAS NO INTERIOR DA VIVENDA.
- ONDAS SÓNICAS E IMPACTOS DESDE O EXTERIOR CAUSADOS POR TERCEIROS
- DANOS CAUSADOS POLA ELECTRICIDADE.
- BENS REFRIXERADOS OU CONXELADOS.

5.5.2.2. COBERTURAS INCLUÍDAS NO APARTADO REFERENTE Á MODALIDADE DE «PROTECCIÓN AMPLIADA E ROUBO»

Indemnizarase o asegurado coas mesmas condicións e límites ca os establecidos na modalidade «Protección Ampliada e Roubo» aseguradas polas coberturas de:

- SUBTRACCIÓN ILEXÍTIMAS DE BENS REALIZADAS POR TERCEIROS E PRODUCIDAS NO INTERIOR DA VIVENDA OU DOS SEUS ANEXOS.
- ATRACO AO ASEGURADO FÓRA DA VIVENDA HABITUAL ASEGURADA.
- DANOS CAUSADOS POR ROUBO AO CONTIDO.
- USO FRAUDULENTO DE TARXETAS DE CRÉDITO NAS PRIMEIRAS 24 HORAS.
- REPOSICIÓN DE DOCUMENTOS.

5.5.2.3. COBERTURAS INCLUÍDAS NO APARTADO REFERENTE Á MODALIDADE DE «AMPLIACIÓN ALTO VALOR»

Indemnizarase o asegurado coas mesmas condicións e co límite por ano establecido nas Condicións Particulares ca os establecidos na modalidade «Ampliación Alto Valor» aseguradas pola cobertura de:

- TRASLADO TEMPORAL DOS BENS ASEGURADOS NA VIVENDA HABITUAL.

Capítulo VI - Asistencia na vivenda

6.1. DEFINICIÓN DO SERVIZO

A compañía pon á disposición do asegurado unha rede de asistencia que está permanentemente en condicións de facilitar, cun simple pedimento telefónico, os servizos de profesionais cualificados nas seguintes especialidades:

01. Fontanería	11. Escaiolas
02. Electricidade	12. Enmoquetado
03. Cristalería	13. Parquetería
04. Carpintería	14. Carpintería metálica
05. Cerrallería	15. Tapicería
06. Antenas	16. Vernizado
07. Porteiros automáticos	17. Limpezas de cristais
08. Albanelería	18. Electrodomésticos
09. Pintura	19. Persoal de seguridade
10. Persianas	

6.2. CONDICIÓN E PRESTACIÓNS DO SERVIZO

A compañía pon á disposición do asegurado este servizo coas características seguintes:

Existencia e funcionamento, 24 horas ao día e todos os días do ano, dunha central telefónica a través da cal o asegurado pode solicitar a prestación dos servizos ofrecidos.

A organización e mantemento dunha rede de asistencia capaz de prestar os servizos requiridos.

O envío ao domicilio asegurado do profesional solicitado sen custo para o asegurado.

No caso de que se trate dun feito cuberto pola póliza, se o asegurado o solicita así, a compañía poderá realizar o pagamento por conta do asegurado á conta da indemnización que lle corresponde.

No caso de feitos non cubertos, as facturas serán a cargo do asegurado.

6.3. BENEFICIARIO DO SERVIZO

O propietario dos bens asegurados.

6.4. ÁMBITO DO SERVIZO

Na propia vivenda asegurada.

6.5. SERVIZOS ESPECIAIS - DESPRAZAMENTO E MAN DE OBRA

- Cerrallería urxente: no caso de que o asegurado non poida acceder ao interior da vivenda asegurada ou non poida saír dela como consecuencia dun feito accidental non garantido polas coberturas da póliza, atenderase o asegurado mediante o servizo que inclúe o desprazamento urxente dun operario, así como o custo da man de obra, cun límite de 3 horas.
- Electricidade de urxencia: cando se produza falta de enerxía eléctrica na vivenda como consecuencia dunha avaría nas instalacións particulares do asegurado, atenderase o asegurado mediante o servizo que inclúe o desprazamento urxente dun operario que restableza o fluído, sempre que o estado das instalacións o permita, así como o custo da man de obra, cun límite de 3 horas.
- Persoal de seguridade: cando a vivenda asegurada resulte facilmente accesible desde o exterior, indemnizarase o asegurado polos gastos ocasionados polo envío de persoal de seguridade cualificado. No caso de que a causa da accesibilidade sexa un feito cuberto pola póliza, o servizo manterase ata que se arranxe o problema. Noutro caso, a indemnización terá un límite de 48 horas.

Capítulo VII - Exclusiones xerais

- Aqueles danos que non consten expresamente como cubertos na póliza.
- Os danos que sexan consecuencia de mala conservación, por falta de mantemento ou por defecto de construción ou instalación na vivenda asegurada, coa excepción do establecido nas coberturas correspondentes á modalidade «Ampliacións de alto valor», sempre que se contrate esta.
- Os danos en obxectos que estean baixo garantía do fabricante ou que contén con seguro específico.
- Os danos debidos á simple acción do tempo, pola deterioración ou desgaste inherente ao uso dos bens ou pola oxidación ou corrosión dos tubos, coa excepción do establecido nas coberturas correspondentes á modalidade «Ampliacións de alto valor», sempre que se contrate esta.
- Os danos que sexan consecuencia de movementos estruturais do edificio asegurado, de brotes vexetais procedentes do solo ou do aumento do nivel freático do subsolo, coa excepción do establecido nas coberturas correspondentes á modalidade «Ampliacións de alto valor», sempre que se contrate esta.
- Os danos que teñan a súa orixe na infracción ou incumprimento voluntario das normas que rexen as actividades aseguradas e os ocasionados por actos dolosos ou por negligencia grave do asegurado.
- Os danos por feitos de guerra civil ou internacional, conflitos armados con ou sen mediación de declaración de guerra.
- Calquera dano relacionado con radiación nuclear ou contaminación radioactiva e os orixinados por calquera tipo de polución ou contaminación.
- Calquera dano cuberto polo Consorcio de Compensación de Seguros.
- Calquera perda relacionada cos riscos propios da tecnoloxía informática.
- Calquera dano en vivendas:
 1. Fabricadas de madeira: aquela que ten columnas, vigas, muros de carga e demais elementos portantes e de peche, ou só os de peche, maioritariamente de madeira.
 2. Deshabitadas máis de 12 meses consecutivos.
 3. En despoboado: todo edificio destinado a vivenda situado a unha distancia de máis de 3 km desde o límite dun núcleo urbano e que non reúna as condicións e características dunha urbanización, entendendo como tal unha edificación ou conxunto de edificacións que dispoña de todos e cada un dos servizos públicos seguintes: iluminación, auga e rede de sumidoiros.
 4. En multipropiedade.
 5. Nas que se desenvolva unha actividade profesional ou comercial.
- Calquera dano no continente no caso de que o asegurado sexa inquilino, coa excepción do establecido nas coberturas correspondentes á modalidade «Protección inquilinos», sempre que se contrate esta.

Capítulo VIII - Cláusula de indemnización das perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España en seguros de danos nos bens

De conformidade co establecido no texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, o tomador dun contrato de seguro dos que deben obrigatoriamente incorporar recarga a favor da citada entidade pública empresarial ten a facultade de convir a cobertura dos riscos extraordinarios con calquera entidade aseguradora que reúna as condicións esixidas pola lexislación vixente.

As indemnizacións derivadas de sinistros producidos por acontecementos extraordinarios acaecidos en España e que afecten a riscos situados nela serán pagadas polo Consorcio de Compensación de Seguros cando o tomador satisfíxese as correspondentes recargas ao seu favor e se producise algunha das seguintes situacións:

- a) Que o risco extraordinario cuberto polo Consorcio de Compensación de Seguros non estea amparado pola póliza de seguro contratada coa entidade aseguradora.

- b) Que, aínda estando amparado pola devandita póliza de seguro, as obrigas da entidade aseguradora non puidesen cumprirse porque foi declarada xudicialmente en concurso ou por estar suxeita a un procedemento de liquidación intervida ou asumida polo Consorcio de Compensación de Seguros.

O Consorcio de Compensación de Seguros axustará a súa actuación ao disposto no mencionado estatuto legal, na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, no Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, e nas disposicións complementarias.

8.1. RESUMO DAS NORMAS LEGAIS

8.1.1. Acontecementos extraordinarios cubertos:

- a) Os seguintes fenómenos da natureza: terremotos e maremotos; inundacións extraordinarias, incluídas as producidas por embates de mar; erupcións volcánicas; tempestade ciclónica atípica (incluíndo os ventos extraordinarios de refachos superiores a 120 km/h e os tornados); e caídas de corpos siderais e aerólitos.
- b) Os ocasionados violentamente como consecuencia de terrorismo, rebelión, sedición, motín e tumulto popular.
- c) Feitos ou actuacións das forzas armadas ou das forzas e corpos de seguridade en tempo de paz.

Os fenómenos atmosféricos e sísmicos, de erupcións volcánicas e a caída de corpos siderais certificaranse, por instancia do Consorcio de Compensación de Seguros, mediante informes expedidos pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), o Instituto Xeográfico Nacional e os demais organismos públicos competentes na materia. Nos casos de acontecementos de carácter político ou social, así como no suposto de danos producidos por feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das Forzas ou Corpos de Seguridade en tempo de paz, o Consorcio de Compensación de Seguros poderá solicitar dos órganos xurisdiccionais e administrativos competentes información sobre os feitos ocorridos.

8.1.2. Riscos excluídos:

- a) Os que non dean lugar a indemnización segundo a Lei de contrato de seguro.
- b) Os ocasionados en bens asegurados por contrato de seguro distinto a aqueles en que é obrigatorio a recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.
- c) Os debidos a vicio ou defecto propio da cousa asegurada, ou á súa manifesta falta de mantemento.
- d) Os producidos por conflitos armados, aínda que non precedese a declaración oficial de guerra.
- e) Os derivados da enerxía nuclear, sen prexuízo do establecido na Lei 12/2011, do 27 de maio, sobre responsabilidade civil por danos nucleares ou producidos por materiais radioactivos. A pesar do anterior, si que se entenderán incluídos todos os danos directos ocasionados nunha instalación nuclear asegurada, cando sexan consecuencia dun acontecemento extraordinario que afecte á propia instalación.
- f) Os debidos á simple acción do tempo e, no caso de bens total ou parcialmente mergullados de forma permanente, os imputables á simple acción da ondata ou correntes ordinarias.
- g) Os producidos por fenómenos da natureza distintos dos sinalados no apartado 1.a) anterior e, en particular, os producidos por elevación do nivel freático, movemento de abas, escorregamento ou asentamento de terreos, desprendemento de rochas e fenómenos similares, salvo que estes fosen ocasionados manifestamente pola acción da auga de chuvia que, pola súa vez, provocase na zona unha situación de inundación extraordinaria e se producisen con carácter simultáneo á devandita inundación.
- h) Os causados por actuacións tumultuarias producidas no curso de reunións e manifestacións levadas a cabo conforme o disposto na Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, así como durante o transcurso de folgas legais, salvo que as citadas actuacións puidesen ser cualificadas como acontecementos extraordinarios dos sinalados no apartado 1.b) anterior.
- i) Os causados por mala fe do asegurado.
- j) Os derivados de sinistros por fenómenos naturais que causen danos aos bens ou perdas pecuniarias cando a data de emisión da póliza ou de efecto, se fose posterior, non preceda en sete días naturais a aquel en que ocorreu o sinistro, salvo que quede demostrada a imposibilidade de contratación anterior do seguro por inexistencia de interese asegurable. Este período de carencia non se aplicará non caso de substitución da póliza, na mesma ou noutra entidade, sen solución de continuidade, salvo na parte que fose obxecto de aumento ou nova cobertura. Tampouco se aplicará para a parte dos capitais asegurados que resulte da revalorización automática prevista na póliza.

- k) Os correspondentes a sinistros producidos antes do pagamento da primeira prima ou cando, de conformidade co establecido na Lei de contrato de seguro, a cobertura do Consorcio de Compensación de Seguros estea suspendida ou o seguro quede extinguido por falta de pagamento das primas.
- l) Os indirectos ou perdas derivadas de danos directos ou indirectos, distintos das perdas pecuniarias delimitadas como indemnizables no Regulamento do seguro de riscos extraordinarios. En particular, non quedan comprendidos nesta cobertura os danos ou perdas sufridos como consecuencia de corte ou alteración na subministración exterior de enerxía eléctrica, gases combustibles, fuel óleo, gasóleo ou outros fluídos, nin calquera outro dano ou perda indirecta distinta das citadas no parágrafo anterior, aínda que estas alteracións deriven dunha causa incluída na cobertura de riscos extraordinarios.
- m) Os sinistros que, pola súa magnitude e gravidade, sexan cualificados polo Goberno da nación como de «catástrofe ou calamidade nacional».

8.1.3. Franquía

A franquía a cargo do asegurado será:

- a) No caso de danos directos, nos seguros contra danos nas cousas, a franquía a cargo do asegurado será dun sete por cento da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro. Non obstante, non se efectuará dedución ningunha por franquía aos danos que afecten a vivendas, a comunidades de propietarios de vivendas nin a vehículos que estean asegurados por unha póliza de seguro de automóviles.
- b) No caso de perda de beneficios, a franquía a cargo do asegurado será a mesma prevista na póliza, en tempo ou en contía, para danos que sexan consecuencia de sinistros ordinarios de perda de beneficios. De existiren diversas franquías para a cobertura de sinistros ordinarios de perda de beneficios, aplicaranse as previstas para a cobertura principal.
- c) Cando nunha póliza se estableza unha franquía combinada para danos e perdas de beneficios, o Consorcio de Compensación de Seguros liquidará os danos materiais con dedución da franquía que corresponda por aplicación do previsto no apartado a) anterior e a perda de beneficios producida con dedución da franquía establecida na póliza para a cobertura principal, minorada na franquía aplicada na liquidación dos danos materiais.

8.1.4. Extensión da cobertura

A cobertura dos riscos extraordinarios alcanzará os mesmos bens e as mesmas sumas aseguradas que se establecesen nas pólizas de seguro para os efectos da cobertura dos riscos ordinarios.

A pesar do anterior:

- a) Nas pólizas que cubran danos propios aos vehículos a motor, a cobertura de riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros garantirá a totalidade do interese asegurable aínda que a póliza ordinaria só o faga parcialmente.
- b) Cando os vehículos unicamente contén cunha póliza de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóviles, a cobertura de riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros garantirá o valor do vehículo no estado en que se encontre no momento inmediatamente anterior a que ocorra o sinistro, segundo prezos de compra de xeral aceptación no mercado.

Comunicación de danos ao Consorcio de Compensación de Seguros

1. A solicitude de indemnización de danos cuxa cobertura corresponda ao Consorcio de Compensación de Seguros efectuaráase mediante comunicación a este o tomador do seguro, o asegurado ou o beneficiario da póliza, ou quen actúe por conta e nome dos anteriores, ou a entidade aseguradora ou o mediador de seguros con cuxa intervención se xestionase o seguro.
2. A comunicación dos danos e a obtención de calquera información relativa ao procedemento e ao estado de tramitación dos sinistros poderá realizarse:
 - Mediante chamada ao centro de atención telefónica do Consorcio de Compensación de Seguros (952 367 042 ou 900 222 665).
 - A través da páxina web do Consorcio de Compensación de Seguros (www.consorseguros.es).
3. Valoración dos danos: a valoración dos danos que resulten indemnizables de acordo coa lexislación de seguros e o contido da póliza de seguro realizaráase ao Consorcio de Compensación de Seguros, sen que este quede vinculado polas valoracións que, de ser o caso, realizase a entidade aseguradora que cubrise os riscos ordinarios.

4. Aboamento da indemnización: o Consorcio de Compensación de Seguros realizará o pagamento da indemnización ao beneficiario do seguro mediante transferencia bancaria

8.2. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN EN CASO DE SINISTRO INDEMNIZABLE POLO CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

En caso de sinistro, o asegurado, tomador, beneficiario, ou os seus respectivos representantes legais, directamente ou a través da entidade aseguradora ou do mediador de seguros, deberá comunicar, dentro do prazo de sete días desde que o soubo, que ocorreu o sinistro, na delegación rexional do Consorcio que corresponda, segundo o lugar onde se produciu o sinistro. A comunicación formularase no modelo establecido para o efecto, que está dispoñible na páxina web do Consorcio (www.conorseguros.es), ou nas oficinas deste ou da entidade aseguradora, ao que deberá xuntarse a documentación que, segundo a natureza dos danos, se requira. Así mesmo, deberánse conservar restos e vestixios do sinistro para a actuación pericial e, no caso de imposibilidade absoluta, presentar documentación probatoria dos danos, tales como fotografías, actas notariais, vídeos ou certificados oficiais. Igualmente, conservaranse as facturas correspondentes aos bens sinistrados cuxa destrución non puidese demorarse. Deberanse adoptar cantas medidas sexan necesarias para minorar os danos. A valoración das perdas derivadas dos acontecementos extraordinarios realizaraa o Consorcio de Compensación de Seguros, sen que este quede vinculado polas valoracións que, de ser o caso, realizase a entidade aseguradora que cubrise os riscos ordinarios. Para aclarar calquera dúbida que puidese xurdir sobre o procedemento que cómpre seguir, o Consorcio de Compensación de Seguros dispón do seguinte teléfono de atención ao asegurado: 952 367 042 ou 900 222 665.

Anexo I - Servizo asistencia informática

Esta cobertura ofrece un práctico servizo de axuda e soporte informático de grande utilidade no día a día que comprende os seguintes servizos:

Servizo de teleasistencia tecnolóxica

Consiste en darlle soporte ao asegurado desde o centro de soporte técnico a través de Internet, chat, chat control remoto, teléfono, correo electrónico, redes sociais (Twitter e Facebook) e formularios web. O obxectivo é resolver todas as dúbidas ou dificultades relacionadas co uso habitual do ordenador. Deseñado para lle dar servizo dunha forma práctica e sinxela cubrindo as necesidades do asegurado baixo esta póliza de fogar. As plataformas soportadas son: para PC, Microsoft Windows a partir da versión XP, e para MAC, desde versión 10.6. Só se poderá gozar deste servizo en 3 equipos diferentes. O uso do servizo, por usuario, é ilimitado.

Revisión e posta a punto PC (testIT)

TestIT é a aplicación que revisa, de maneira automática, os puntos críticos que afectan ao funcionamento normal do PC. Esta aplicación está integrada na suite e, polo tanto, non require instalación nin licenza adicional (as propias da suite). Só se poderá gozar deste servizo en 3 equipos diferentes. O uso do servizo, por usuario, é ilimitado.

Asistencia en liña smartphone e tabletas

O usuario poderá realizar consultas desde o seu dispositivo smartphone ou tableta a través do chat da aplicación ou vía teléfono. Non será necesario que o dispositivo móbil estea conectado ao PC para ser atendido, sempre e cando os dispositivos e SO dos smartphone e tableta o permitan.

As prestacións por control remoto variarán en función do fabricante do dispositivo, do sistema operativo, versión e revisión do firmware. Habitualmente as últimas versións son as óptimas.

Para os dispositivos aos cales non se lles poida prestar servizo vía remota, prestarase en liña, a través dunha ventá de diálogo tipo chat que permite establecer a comunicación inmediata cos nosos técnicos expertos do ISC (International Support Center) ou vía teléfono. Para este caso é necesario que o usuario conecte o dispositivo ao PC/MAC para ser atendido. O soporte será realizado sempre e cando as funcionalidades do software de xestión do fabricante o permitan. Só se poderá gozar deste servizo en 3 equipos diferentes. O uso do servizo, por usuario, é ilimitado.

Servizo de asistencia tecnolóxica presencial a domicilio

É a resposta completa ás necesidades do usuario ante as incidencias que se produzan nos seus equipos informáticos. Logo dun primeiro diagnóstico en liña, se se detecta a necesidade de asistencia in situ, un técnico especializado na materia poderase desprazar ao domicilio do usuario para identificar e resolver aquelas incidencias que non se puidesen solucionar de forma remota. O desprazamento e a man de obra non terán cargo para o asegurado (só se facturan pezas, logo de que se acepte o orzamento).

Servizo de recuperación de datos

É un servizo que permite a recuperación da información de dispositivos de almacenamento danados (discos duros, memoria USB etc.), sexa cal sexa a antigüidade e a causa da perda. É un servizo eficaz que brinda unha gran satisfacción ante unha situación de perda de datos e que destaca polo seu alto valor percibido. O alcance do servizo é para dispositivos de uso doméstico. Este servizo non atende dispositivos de uso profesional/empresarial nin as recuperacións sobre soportes de almacenamento que fosen previamente manipulados. Para poder levar a cabo a prestación do servizo de recuperación de datos, cómpre dispoñer fisicamente do soporte de almacenamento de información danado. Cobertura de 2 traballos de recuperación (cada traballo realízase sobre un único dispositivo) por póliza e ano, sobre soportes denominados domésticos.

Copia de seguridade e servizo de almacenamento na nube

O servizo de copia de seguridade permite facer copias de seguridade da información almacenada nos ordenadores do usuario, nun lugar externo, concretamente en servidores aloxados nun centro de proceso de datos seguro. Cada usuario contará con 30 xigabytes de espazo en disco para as copias de seguridade, un total de 60 xigabytes, xunto coa axuda e asesoramento necesario, para poder configurar de forma adecuada á súa necesidade as copias de seguridade nos diferentes dispositivos e a través das solucións globais existentes no mercado (Skydrive, Dropbox etc.). Outorgarase unha licenza para 2 PC de 30 GB cada un.

Servizo de seguridade dixital

Proporcionaselle ao usuario a protección necesaria e a asistencia para protexer os seus dispositivos fronte a ameazas de seguridade, protexer os seus pagamentos por Internet, axudar os menores a gozar de Internet de forma segura, xunto cunha serie de funcionalidades adicionais. Outorgarase 1 licenza por póliza, que se poderá instalar en 4 equipos diferentes.

Localización e bloqueo de dispositivos móbiles

Este servizo consiste na localización, de forma remota, de dispositivos propiedade do asegurado con acceso a Internet que fosen roubados ou extraviados. Ademais, inclúe o bloqueo do dispositivo, envío de alarmas a este e activación de determinadas funcionalidades do portátil, tableta ou smartphone perdido ou subtraído. Para acceder ao servizo, é necesaria a instalación dunha aplicación no dispositivo antes de que se produza o suceso, solicitándoo a través da páxina web de servizos.

Servizo borrado identidade dixital

O servizo protección vida dixital trata de dar solución á aparición de información persoal non desexada en Internet, xestionando a súa eliminación. O dereito a desaparecer de Internet e os ataques á privacidade relacionados coas redes sociais motivánnos a prestar un servizo que lle axude a desaparecer de Internet. O asegurado tan só terá que indicarnos que información desexa modificar e os nosos expertos en lexislación de novas tecnoloxías axudaránlle a que os contidos negativos non o definan en Internet. Para a correcta prestación do servizo, é indispensable que os datos sexan de carácter persoal e que a información sexa de persoas identificadas ou identificables. O servizo prestarase a un máximo de 6 persoas aseguradas por póliza, cunha limitación de 6 intervencións ao ano.

Servizo aviso de multas

O servizo de aviso de multas consiste en informar o asegurado das multas publicadas pola Administración. Realízanse buscas de modo automático en boletíns oficiais para localizar posibles sancións de tráfico impostas á matrícula obxecto de cobertura. No caso de localización de notificacións, informarase o asegurado por SMS e/ou correo electrónico co detalle da publicación. As localizacións de sancións realizaranse a partir dun DNI/CIF e dunha matrícula asociada, búscanse as publicacións nas que apareza algún destes datos. Este servizo está limitado a catro vehículos por póliza.

Servizo de asistencia tecnolóxica presencial no fogar

O servizo consiste na asistencia a domicilio dun técnico, con cobertura de ámbito nacional, para prestar asistencia tecnolóxica no fogar. Prestarase servizo sobre os ordenadores, incluíndo a instalación e configuración de redes domésticas e a instalación e configuración de dispositivos (PC, smartphone, tableta, netbook, TDT, DVD, cámara dixital, home cinema, vídeo dixital, TV, videoconsolas e smart TV). Cada asistencia ten unha duración máxima de 2 horas.

Servizo cloud de protección ante vulnerabilidades

Servizo de auditoría para a avaliación do nivel de risco tecnolóxico asociado aos sistemas e plataformas TIC expostos como servizos públicos en Internet, baseado na detección de vulnerabilidades coñecidas de carácter público. O servizo desenvólvese a partir dunha plataforma de xestión de seguridade alimentada a partir das principais bases de datos existentes de vulnerabilidades recoñecidas polos distintos fabricantes de tecnoloxía TIC. Servizo limitado a un enderezo IP ao ano.

Certificación electrónica ante violencia dixital a menores

O servizo de certificación electrónica ante violencia dixital a menores prestarase en relación con menores que teñan a condición de asegurados na póliza e resulten ser obxecto de acoso a través de calquera medio de comunicación electrónica, excepto chamadas de voz, xa sexan telefónicas ou a través de Internet mediante calquera outro sistema de voz. Este servizo realizará ata un máximo de dous informes por póliza ao ano.

Aplicación Antiransomware

Coa aplicación dáse resposta á necesidade de contar con novas defensas fronte á ameaza de ransomware. A maioría destas ameazas son capaces de vetar o acceso aos documentos, carpetas e arquivos que se almacenan no PC e algúns poden incluso eliminarlos do equipo. A cambio da súa salvagarda, pídenlle ao usuario o pagamento dun rescate que pode chegar a través de plataformas de pagamento electrónico, como PayPal ou incluso mediante criptomonedas como Bitcoin.

Servizo de soporte, configuración e seguridade a elementos domóticos, de IOT

Servizo que pon á disposición do asegurado un seguimento en tempo real dos dispositivos intelixentes no fogar. Realízanse as configuracións necesarias para o seu correcto funcionamento e aplicáranse regras personalizadas de seguridade para que estes dispositivos non sexan vulnerables ante hackers.

Servizo de validación de contrasinais seguros

Servizo que pon á disposición do asegurado unha ferramenta para validar a seguridade dos contrasinais, con base nunha serie de parámetros de securización. Con ela o usuario pode comprobar se o contrasinal que utiliza para os seus asuntos importantes é o suficientemente seguro ou non.

Nivel de servizo

Para a prestación dos servizos:

- Certificación electrónica ante violencia dixital a menores:
 - O horario é de 09:00 a 24:00 horas en días laborables. Sábados, domingos e festivos de carácter nacional de 10:00 a 20:00 horas.
- Resto servizos:
 - O horario para os servizos vía remota é de 00:00 a 24:00 horas os 365 días do ano.
 - O horario para os servizos a domicilio é de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas en días laborables locais no domicilio do cliente..

Teléfono para solicitar calquera servizo ou información (91 836 20 90) ou mediante acceso á páxina web (<http://bbvaallianzseguros.soportedigital.es/pc/>)

Anexo II - Servizo mantemento do fogar «Reparación»

Esta cobertura proporciona unha axuda profesional a domicilio para realizar determinados traballos de instalación, mantemento e adecuación do fogar.

O servizo prestarase en horario de 9:00 a 19:00 horas, de luns a venres (excepto festivos). A intervención citarase de común acordo entre BBVA ALLIANZ SEGUROS e o asegurado. Inclúe desprazamento e 6 horas de man de obra que se poden distribuír entre un máximo de 3 intervencións por anualidade de seguro, cun mínimo de 1 hora en cada intervención. A partir da primeira intervención, as fraccións de tempo computaranse en 30 min. Non quedan cubertos os materiais.

Para estes efectos, os servizos asociados á «Reparación tecnolóxica» prestaranse en intervencións distintas aos relacionados co resto de servizos, debido á súa natureza específica.

Unha vez esgotada esta cobertura, o cliente poderá solicitar ao seu cargo tantos servizos adicionais como desexe. Neste caso, aplicaráselle tarifas preferenciais.

Todos os traballos realizados polos profesionais dentro do «Seguro de asistencia fogar reparación» teñen unha garantía de 6 meses.

**Teléfono para solicitar calquera servizo ou información:
91 836 20 90 en horario 24 h, 7 días á semana, 365 días ao ano.**

Traballos incluídos

Electricidade

- Substitución de enchufes ou interruptores de luz (incluídos os seus embelecadores), lámpadas, tubos de neon, fluorescentes e cebadores (sen cambios de localización).
- Instalación ou substitución de lámpadas e/ou apliques onde existan puntos de luz.
- Creación de novos puntos de luz, tomas de corrente, teléfono ou televisión, realizando a instalación en superficie.
- Instalación de canalizacións para ocultar cables.

Fontanería

- Substitución de billas ou instalación dunha nova onde exista toma de auga, así como o axuste de billas soltas.
- Pequenos desatascamentos que se poidan resolver de maneira manual ou mediante uso de produtos especiais de tipo líquido ou mediante desatascadores manuais.
- Cambios de mecanismo de cisterna.
- Colocación de soporte de ducha e conexión (sen obra de fontanería).
- Colocación de termo-fluídos sen necesidade de modificación eléctrica.
- Selado con silicona de xuntas deterioradas de bañeira, ducha, lavabo ou vertedoiro.
- Purgación de radiadores.
- Axuste de ancoraxe de elementos sanitarios (lavabo, inodoro, bidé).

Carpintería

- Montaxe de mobles kit e colocación de estantes.
- Instalación de manubrios, pomos, tiradores e cerrollos resorte e pequenos pasadores en portas interiores.
- Cambio de bisagras en portas de mobles de cociña, baño e auxiliares de madeira.
- Colocación de protector de esquinas de parede e tapaxuntas de unión entre 2 solos diferentes.
- Colgar ou fixar cadros, espellos ou figuras decorativas pegadas a paredes.
- Colocación de accesorios de baño e cociña.
- Encolar cadeiras, mesas e camas de madeira.

Outros

- Instalación de cortinas, cortinas finas, estores, tendais, perchas e barras de armarios.
- Illamento de ventás (só inclúe colocación de burlete na folla e no marco e fixación do cristal con silicona se fose necesario).
- Arranxo de avarías de persianas enrolables sen mecanismo eléctrico.
- Tapado de pequenos buratos nunha parede non azulexada, producidos por un trade (por colgar cadros, accesorios...).
- Movemento de mobles e electrodomésticos.

Reparacións tecnolóxicas

Reparación das instalacións tecnolóxicas interiores:

- Antenas de TV e TDT.
- Antenas parabólicas.
- Porteiros automáticos.
- Videoporteiros.
- Son.
- CCTV.
- Sincronización e axuste dos TV, smart TV, videograbadores, TDT, satélite.
- Instalación de accesorios: TV, TDT, DVD, son ou complementarios.
- Substitución e/ou reparación de tomas de TV, interfonos de porteiros, cables de interconexión.
- Fixación de elementos a paredes.
- Distribución de sinais a TV secundarios. (DVD, Digital+, VCR...).
- Axuste de moduladores, amplificadores e reemisores de sinal en vivendas.
- Asesoramento técnico e tecnolóxico en imaxe, son e satélite.

Electrodomésticos

- Limpeza de filtros en lavadoras, lavalouzas e campás extractoras.

Aire acondicionado

- Revisión do sistema de aire acondicionado.
- Limpeza de filtros.

Limpeza

- Recollida e entrega de alfombras para a súa limpeza.

Traballos non incluídos

- Calquera que non estea descrito neste anexo.
- Calquera que non se realice na vivenda asegurada.
- Os danos que sexan consecuencia dun sinistro, tanto cuberto como non cuberto pola póliza.
- Os traballos que requiran medios especiais para a súa realización, como arneses, estadas ou similar.

Anexo III - Servizo mantemento por uso e deterioración

Levaranse a cabo as operacións de mantemento descritas a continuación aínda que non se producisen danos cubertos pola póliza ou estes estean excluídos:

Operación	Descrición	Desprazamento e man de obra	Material
Bañeiras, pratos de ducha ou vertedeiros	Colocación de cordón de impermeabilización da banda da bañeira, ducha ou vertedeiro	1 visita e ata dúas horas	Incluído
Cisternas	Reparación do mecanismo da cisterna do inodoro ou substitución do mecanismo se é necesario	1 visita e ata dúas horas	Incluído
Billas e chaves de paso	Reparación por peche defectuoso de billas e chaves de paso, ou substitución completa se é necesario	1 visita e ata dúas horas. No caso de substitución, o asegurado debe dispoñer do elemento que hai que substituír	A cargo do asegurado en caso de substitución
Elementos sanitarios	Axuste da ancoraxe de elementos sanitarios: inodoro, tapa de inodoro, lavabo ou bidé	1 visita e ata dúas horas	Incluído
Válvulas de desaugadoiro ou rebordadoiro	Reparación de axuste ou substitución da válvula de desaugadoiro ou rebordadoiro	1 visita e ata dúas horas	Incluído
Tubos de tomas de auga ou desaugadoiros de electrodomésticos	Reparación ou substitución dos tubos de tomas de auga e desaugadoiros de electrodomésticos. Excluídos os que teñan a conexión no interior do aparato	1 visita e ata dúas horas	Incluído
Radiadores	Reparación de fugas de radiadores. Exclúense os radiadores de ferro fundido ou cando sexa necesario o baleirado do circuito	1 visita e ata dúas horas	Incluído
Desatascamentos de tubos	Desatascamento de tubos. Exclúese a intervención do camión cuba	1 visita e ata dúas horas	Non aplica
Pechaduras	Reparación de cerrallería por rotura de chave dentro da pechadura ou mal funcionamento desta nas portas de acceso á vivenda, ao garaxe ou ao rocho, sempre que sexan accesos independentes	1 visita e ata dúas horas	A cargo do asegurado en caso de substitución do cilindro da pechadura ou da pechadura completa
Portas e ventás	Axuste por peche defectuoso de portas de paso, de armarios, de acceso (Incluído garaxe) e de ventás	1 visita e ata dúas horas	A cargo do asegurado
Persianas	Reparación de persianas Excluída a reparación dos sistemas eléctricos de enrolado de persianas	1 visita e ata dúas horas	A cargo do asegurado en caso de substitución de máis de 3 láminas

Esta cobertura consiste unicamente na reparación por parte de profesionais asignados por BBVA ALLIANZ SEGUROS, en ningún caso suporá indemnización. O asegurado poderá facer uso desta cobertura unha vez por anualidade do seguro

Exclúense:

- Os danos directos e/ou estéticos que se puidesen ocasionar pola falta de mantemento.
- Aquelas operacións que exisan a rotura dalgún elemento adicional ou aquelas que non garantan un resultado idóneo debido ao estado dos bens asegurados.
- Os traballos que requiran medios especiais para a súa realización, como arneses, estadas ou similar.

Anexo IV - Servizo reparación de avarías liña branca

Capítulo I - Definicións

Accidente: suceso violento, súbito, alieo á intencionalidade do asegurado e con orixe externa aos equipos asegurados, que é causa dunha avaría mecánica, eléctrica e/ou electrónica sufrida por estes.

Avaría cuberta: avaría mecánica, eléctrica e/ou electrónica dalgún dos equipos asegurados que impida que o equipo funcione correctamente, sempre que a causa da avaría non estea excluída pola póliza.

Dano accidental: deterioración ou destrución do equipo asegurado, externamente visible, que resulta dun accidente e que impide que aquel funcione correctamente.

Vivenda asegurada: a asignada nas Condicións Particulares como domicilio asegurado.

Equipos asegurados: asegúranse a lavadora, lavalouza ou neveira/combi (exclúense os conxeladores independentes e, no caso dos equipos Side by Side ou americanos, só se cobre a neveira, non o conxelador) utilizados na vivenda asegurada.

Límite de cobertura: o importe máximo por período anual de cobertura ao que poderá ascender o valor conxunto das reparacións/substitucións/indemnizacións garantidas pola aseguradora é de 1000 EUR por anualidade do seguro. O límite de cobertura computarase conxuntamente en relación con todos os equipos asegurados.

Período de carencia: é o período inicial durante o cal as avarías sufridas polos equipos asegurados non están cubertas. O período de carencia será de 60 días a partir da data de efecto da póliza ou da inclusión deste servizo.

Servicio técnico autorizado: é o servizo técnico autorizado pola aseguradora para avaliar as avarías e, de ser o caso, reparar os equipos asegurados.

Sinistro: feito cuxas consecuencias están cubertas por esta póliza. Constitúen un só e mesmo sinistro as avarías derivadas dunha mesma causa.

Indemnización: 50 % da factura de compra. No caso de non posuír a factura de compra, aplícanse os seguintes importes:

Neveira	150 EUR
Lavadora ou lavalouza	110 EUR

En todo caso, cando a antigüidade dun equipo desde a data da factura de compra sexa maior de 8 anos, a indemnización establécese en 50 EUR (para o cómputo de antigüidade considerarase que os equipos foron adquiridos desde a súa data de compra, salvo evidencia documental que indique outra cousa).

Capítulo II - Obxecto do contrato

A entidade aseguradora obrígase a outorgar as garantías aseguradas neste anexo cando ocorra o sinistro cuxo risco é obxecto de cobertura, e con iso cubrir o interese asegurable do asegurado, entendendo por tal aquelas reparacións necesarias para o correcto funcionamento do conxunto dos equipos, así como a súa substitución ou indemnización dentro dos límites e condicións do contrato.

Capítulo III - Procedemento en caso de sinistros

Así mesmo, ao ocorrer o sinistro, o asegurado deberá:

1. Interromper inmediatamente o funcionamento do equipo asegurado, ata a súa completa reparación.
2. Vixiar e conservar á disposición da aseguradora, para o seu exame, o equipo asegurado ou os seus restos e elementos danados.
3. Darlle á aseguradora todas as informacións sobre as circunstancias e consecuencias do sinistro.

4. Notificarlle á aseguradora, dentro dos sete días seguintes de ter coñecemento disto, a obtención de rescates, recuperación ou resarcimentos con orixe nas avarías cubertas.

Se o incumprimento dalgunha destas obrigas se produce coa manifesta intención de prexudicar ou enganar a aseguradora, esta quedará liberada de toda prestación derivada do sinistro.

Capítulo IV - Garantías aseguradas

A aseguradora garante o servizo de asistencia, a reparación das avarías cubertas, a substitución ou indemnización dos equipos asegurados, dependendo da antigüidade do electrodoméstico asegurado como se establece no seguinte cadro:

Antigüidade en anos no momento do sinistro			
Equipo	Ata N*	Desde N* ata 8	Máis de 8
Lavadora ou lavalouza	Servizo de asistencia durante o período de garantía legal do fabricante	Reparación ou substitución ou indemnización = 110 EUR ou 50 % da factura de compra	Reparación ou indemnización = 50 EUR
Neveira/Combi		Reparación ou substitución ou indemnización = 150 EUR ou 50 % da factura de compra	

* Onde «N» é o número de anos de vixencia da garantía legal outorgada polo fabricante

Asistencia: no caso de calquera avaría cuberta baixo a garantía orixinal, o asegurado poderá comunicarlle á entidade aseguradora, que se ocupará de concertar co asegurado unha visita cos servizos técnicos do fabricante, sempre que sexa posible.

Reparación: a aseguradora asumirá os gastos de reparación do equipo asegurado, incluíndo pezas, man de obra, impostos, así como os gastos de desprazamento do servizo técnico autorizado á vivenda asegurada durante a xornada laboral.

Substitución/Indemnización: a aseguradora poderá substituír pezas orixinais por pezas novas, procedentes do fabricante do equipo asegurado, funcionalmente equivalentes á substituída. A aseguradora poderá optar por substituír o equipo asegurado por outro igual ou de similares características técnicas se o considerase oportuno logo de ocorrer o sinistro, ou por indemnizar cando o equipo asegurado teña ata oito anos de antigüidade. En todo caso, cando a antigüidade do equipo sexa de máis de oito anos, a aseguradora poderá optar por reparar ou indemnizar. Nestes casos, o equipo orixinal pasará a ser propiedade da aseguradora.

Capítulo V - Limitacións e exclusións do risco e cláusulas limitativas dos dereitos do asegurado

1. A aseguradora non se fará cargo de ningunha avaría nos seguintes casos:
 - Cando a avaría debese estar cuberta por unha garantía outorgada polo fabricante, a aseguradora só se fará cargo da orientación para xestionar esta garantía, sempre que sexa posible.
 - Defectos de fabricación reconecidos ou aceptados polo fabricante, ou fallos en serie do modelo do equipo asegurado.
 - Cando non se detecte ningún fallo de funcionamento no equipo asegurado.
 - Cando deriven de defectos ou vicios xa existentes ao entrar en vigor a cobertura.
 - Cando o equipo asegurado fose sometido a un esforzo superior ao normal, conforme as indicacións do fabricante.
 - Ao continuar utilizando o equipo asegurado logo de que lle ocorrese unha irregularidade ou incidencia, sen restablecer correctamente a regularidade no seu funcionamento mediante a revisión ou reparación pertinente e definitiva.
 - Danos, gastos ou prexuízos causados ao asegurado ou a outros como consecuencia dunha avaría ou dano, distintos da propia avaría cuberta do equipo asegurado.
 - Dano accidental do equipo asegurado.

2. Dentro das garantías outorgadas por este anexo, a aseguradora non se fará cargo de ningunha avaría causada por:
 - Sobretensión eléctrica, incendio, tormenta, raio, explosión, ionización, radiación ou contaminación nuclear.
 - Ondas de presión causadas por avións que viaxen a velocidade supersónica ou sónica.
 - Condicións climáticas ou atmosféricas como inundacións ou afundimentos.
 - Incumprimento das instrucións do fabricante, mantemento contrario a estas ou se o equipo asegurado non foi instalado por un profesional, no caso de ser prescrito así polo fabricante.
 - Reparación ou desarmamento por parte dunha persoa distinta:
 - dun servizo técnico autorizado polo fabricante durante o período de garantía ou;
 - da aseguradora durante o período de cobertura deste contrato.
 - Instalación, modificación ou mantemento incorrecto de tomas ou sistemas de electricidade e auga.
 - Suspensión ou cesamento dos servizos eléctricos por fallo ou acto de calquera persoa.
 - A instalación ou traslado do equipo asegurado, ou as avarías ocorridas cando este estea en lugar distinto da vivenda asegurada.
 - Dano provocado polo sol ou a humidade, incluíndo oxidación e corrosión.
 - Retirada e reinstalación de aparatos encastados.
 - O desgaste ou a obsolescencia.
3. A aseguradora non se fará responsable dunha avaría cuberta cando esta non sexa revisada e/ou reparada por un servizo técnico autorizado, tal e como este se define no punto 1.
4. A aseguradora non será responsable do mantemento periódico do equipo asegurado. En particular, a aseguradora non se responsabilizará das seguintes operacións de mantemento: recargas de gas e filtros da neveira.
5. A aseguradora non se responsabilizará de ningún gasto ou prexuízo provocado pola imposibilidade de utilizar o equipo asegurado, nin de ningún custo debido á falta de pezas ou partes para reparar o equipo asegurado. En ningún caso, estarán cubertos os produtos contidos nos equipos asegurados.

A aseguradora tampouco será responsable de reparar e/ou indemnizar as rabuñaduras, golpes ou danos estéticos e, en xeral, calquera dano que non afecte ao correcto funcionamento dos equipos asegurados, con independencia de se estes se producen ou non como consecuencia ou con ocasión da produción dunha avaría cuberta.
6. Non está cuberto pola aseguradora calquera dano que cubra o Consorcio de Compensación de Seguros; tampouco os denominados riscos de carácter extraordinario conforme se definen no Regulamento do seguro de riscos extraordinarios (Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro), aínda cando non resulten indemnizables polo Consorcio de Compensación de Seguros.
7. Non quedarán cubertas por este seguro as avarías que puidesen afectar a elementos consumibles previstos para ser substituídos polo usuario (como fusibles, baterías, pilas, lámpadas, conexións de arranque, filtros, unións, cables, correas, tapóns) ou a accesorios (como andeis, cubertas, soportes).
8. A aseguradora non se responsabilizará de ningún sinistro que sexa orixinado por dolo ou culpa grave, ou no que medie acto fraudulento ou mala fe, súa ou do seu cónxuxe, os seus ascendentes, descendentes, persoas que convivan co asegurado, empregados ou representantes legais; ou calquera persoa autorizada polo asegurado para usar ou dispor do equipo asegurado.
9. Os danos ou perdas ocasionados con motivo de folgas ou conflitos colectivos laborais ou industriais de toda clase, conflitos armados, fose ou non declarada a guerra, rebelión, sedición, motín, terrorismo ou eventos similares, e a confiscación por parte das autoridades.
10. Se o equipo asegurado se utiliza ou se utilizou para fins comerciais ou outros distintos do uso doméstico normal.

O horario de atención ao cliente é o seguinte: de 8:00 a 22:00 h de luns a venres; sábados de 9:00 a 13:00 h (excepto festivos nacionais), a través do teléfono 91 836 20 90.

Anexo V - Servizo exprés

Este servizo está incluído na modalidade Cobertura total. Para o resto de modalidades, é de contratación opcional.

No caso de incumprimento dos compromisos de prazos de atención, devolverémolle o importe da prima deste ano do seu seguro na próxima anualidade.

Estamos preparados para atendelo cando nos necesite de forma personalizada e coa máxima calidade.

Creamos para vostede un servizo diferencial e preferente e co que nos comprometemos ao máximo nivel.

Cunha simple chamada COMPROMETÉMONOS A ATENDER AS SÚAS NECESIDADES desde a comunicación do feito asegurado nos seguintes prazos:

- En caso de urxencia:
 - En 2 horas.
 - En 3 horas en poboacións de menos de 20 000 habitantes.
- Para o resto de situacións, en días laborables, de luns a venres de 8:00 a 22:00 horas:
 - En 1 hora: darémolle cita para a visita do profesional.
 - En 24 horas: recibirá a visita do profesional para iniciar as reparacións.
- Prestación dos servizos non urxentes en HORARIO AMPLIADO:
 - Comezo ata as 20:00 h, con intervencións de máximo 1 hora.
 - Sábados pola mañá, ata as 14:00 h.

Este compromiso non será aplicable:

- Naqueles sinistros que impliquen a necesidade de informe pericial.
- Nos eventos de forza maior, nas catástrofes ou nos cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros.
- Nas prestacións dos servizos complementarios (Servizo de asistencia informática, Servizo reparación, Servizo mantemento por uso e deterioración, Servizo reparación avaría liña branca e Servizo defensa xurídica).

Anexo VI - Servizo de defensa xurídica

I. Condicións do servizo

Definicións

Na cobertura de defensa xurídica enténdese por:

Gastos garantidos ou suma asegurada: representa a contía máxima da obriga de compensación de gastos que, en calquera caso e por todos os conceptos, asume o asegurador en cada sinistro. Esta contía queda fixada en 6000 EUR.

Contía mínima litixiosa: é a cantidade do interese económico da reclamación por debaixo do cal o asegurador non garante a vía xudicial. Establécese para aquelas garantías de reclamación de danos en que así se exprese e pola cantidade que se indique, quedando limitada a obriga de reclamación do asegurador á vía amigable para contías inferiores a ese importe. A contía mínima queda establecida en 250 EUR.

Franquía: a cantidade ou concepto que en cada sinistro, segundo o pactado na póliza, é a cargo exclusivo do asegurador para cada unha das garantías cubertas.

Prestador do servizo: a xestión dos sinistros de defensa xurídica prestarase baixo a modalidade descrita no punto 1 do apartado h, isto é, queda confiada á/s sociedade/s especializada/s que figuran nas Condicións Particulares da póliza, entidade/s xuridicamente distinta/s a BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

O prestador do servizo non está vinculado a outra entidade que practique algún ramo do seguro distinto do de vida e garante que os membros do seu persoal que se ocupen da xestión de sinistros de defensa xurídica ou do asesoramento xurídico relativo á devandita xestión non poderán exercer simultaneamente a mesma ou parecida actividade noutro ramo en que opere.

A pesar do anterior, o asegurador poderá prestar o servizo a través doutra entidade distinta a partir dunha data determinada nas mesmas condicións.

Asegurador: BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Capítulo 1 - Asegurados de defensa xurídica

Asegúrase a unidade familiar, cada un deles é asegurado. Está composta por:

1. O tomador do seguro.
2. O seu cónxuxe ou, de ser o caso, a persoa que como tal viva permanentemente no domicilio do tomador.
3. Ascendentes de ambos que convivan no domicilio do tomador.
4. Os seus fillos solteiros que convivan co tomador:
 - menores de idade.
 - maiores de idade, sempre que non exerzan actividade retribuída e/ou con algún grao declarado de incapacidade legal.

Non se perde a condición de asegurado polo feito de vivir temporalmente fóra do domicilio do tomador, por razóns de saúde ou estudos.

Capítulo 2 - Obxecto e alcance do seguro de defensa xurídica

Cos límites que en cada caso se determinan neste anexo, garátese a protección dos intereses do asegurado no ámbito da súa vida privada e familiar, asumindo o asegurador as seguintes obrigas:

- 1.º) Prestación de servizos: prestarlle ao asegurado os servizos de asistencia xurídica xudicial e extraxudicial derivados da cobertura do seguro, e realizar as xestións amigables e extraxudiciais de reclamación ou defensa dos dereitos protexidos do asegurado. A prestación será realizada polo asegurador.
- 2.º) Compensación de gastos: facerse cargo dos gastos seguidamente relacionados en que o asegurado poida incurrir como consecuencia da súa intervención nun procedemento administrativo, xudicial ou arbitral

derivado das garantías da póliza, dentro dos límites e alcance estipulados neste ANEXO.

1. As custas xudiciais derivadas da tramitación dos procedementos garantidos.
2. Os honorarios do avogado en calquera procedemento garantido.
3. Os dereitos arancelarios de procurador nos procedementos en que a súa intervención sexa legalmente preceptiva.
4. Os gastos notariais de outorgamento de poderes para preitos, se fosen precisos, así como as actas, requirimentos e demais actos necesarios para a defensa dos intereses do asegurado previamente comunicados ao asegurador.
5. Os honorarios e gastos de peritos designados ou autorizados polo asegurador.
6. A constitución, en procesos penais, das fianzas esixidas para conseguir a liberdade provisional do asegurado, así como para responder do pagamento das custas xudiciais, **con exclusión de indemnizacións, multas e fianzas de orde civil.**

O asegurador pagará os gastos mencionados, excepto gastos non autorizados, dentro dos límites establecidos e ata a cantidade máxima contratada para cada caso.

Tratándose de varios sinistros que teñan a mesma causa orixinal e sexan producidos nun mesmo tempo, serán considerados como un sinistro único e, por conseguinte, pagarase en conxunto a cifra máxima contratada correspondente a un só caso, con independencia do número de reclamantes ou reclamacións.

O asegurador non se fará cargo dos gastos derivados de xestións amigables de reclamación realizadas, sen o consentimento do asegurador, por profesionais contratados directamente polo asegurado.

Capítulo 3 - Gastos non garantidos por este anexo

En ningún caso estarán cubertos pola póliza:

1. O pagamento de multas e a indemnización de calquera gasto orixinado por sancións impostas ao asegurado polas autoridades administrativas ou xudiciais.
2. Os impostos ou outros pagamentos de carácter fiscal, dimanantes da presentación de documentos públicos ou privados ante os organismos oficiais.
3. Os gastos que procedan dunha acumulación ou reconvención xudicial, cando estes se refiran a materias non comprendidas nas coberturas garantidas.
4. En xeral, os de defensa da responsabilidade civil.
Non obstante, conforme o artigo 74 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, o asegurador asumirá a dirección xurídica no ámbito civil fronte á reclamación do prexudicado. É dicir, o asegurado non poderá escoller avogado e procurador cando o pagamento da posible responsabilidade civil recaia na aseguradora. Neste caso, a entidade asumirá a dirección xurídica do asunto xunto cos gastos do avogado e procurador, que defenderán tamén o asegurado; para iso o asegurado facilitará todos os datos e a documentación que sexa útil para a defensa da reclamación ou demanda presentada por un terceiro.
5. Os de reclamacións temerarias e recursos inviables. Se o asegurado decide exercelos pola súa conta e cargo, o asegurador aboará os honorarios dos profesionais se se obtivesen indemnizacións superiores ás ofrecidas polos responsables coas mesmas probas ca as comunicadas ao asegurador para valorar a viabilidade.
6. Os de intervención de profesionais non comunicados previamente ao asegurador.
7. Os gastos de habilitación, viaxe, hospedaxe e axudas de custo para intervir, comparecer ou desprazarse a xuízos ou vistas, de profesionais, partes, peritos ou testemuñas, salvo pacto expreso para a súa cobertura.

Capítulo 4 - Fianzas penais

Nos procedementos penais garantidos pola póliza, o asegurador constituirá a fianza, en calquera das formas admitidas en dereito, que se esixise para garantir a liberdade provisional do asegurado ou beneficiario. Así mesmo, depositará a fianza que en causa criminal lle fose pedida para garantir exclusivamente as custas de orde penal.

O asegurador en ningún caso prestará fianza para responder das multas nin das indemnizacións a terceiros por responsabilidade civil.

Os límites das fianzas no seu conxunto quedan establecidos na suma asegurada.

Capítulo 5 - Definición e ocorrencia do sinistro de defensa xurídica

Enténdese por sinistro todo feito ou acontecemento imprevisto, sobrevido, lesivo para o asegurado ou que implique a necesidade da asistencia xurídica, que se producise coa póliza en vigor e logo de transcorrer o prazo de carencia, se existise.

Nas infraccións penais ou administrativas, considerarase producido o sinistro no momento en que se realizase ou se pretende que se realizou o feito punible ou sancionable.

Nos supostos de reclamación por culpa non contractual, entenderase que o sinistro se produciu no momento mesmo en que o dano foi causado.

Nos litixios sobre materia contractual ou sobre dereitos relativos á vivenda asegurada, considerarase que se produciu o sinistro no momento en que o tomador ou o contrario iniciaron ou se pretende que iniciaron a infracción das normas contractuais.

Nas cuestións de dereito fiscal, entenderase que se produciu o sinistro no momento da declaración do imposto ou, de ser o caso, na data en que se debía declarar.

Trátándose de feitos que teñan a mesma causa e se producen nun mesmo tempo, serán considerados como un sinistro único.

Capítulo 6 - Tramitación do sinistro de defensa xurídica

a) Nos sinistros de reclamación de danos e prexuízos, aceptada a súa cobertura, o asegurador, previamente á iniciación de calquera tipo de procedemento por parte do asegurado, realizará as xestións para obter un arranxo que recoñeza as pretensións ou dereitos daquel.

O asegurador informará o asegurado do resultado das xestións amigables e da última oferta obtida do responsable ou do seu asegurador. Se a vía amigable ou extraxudicial non ofrece resultado positivo aceptable polo asegurado, procederase á tramitación por vía do procedemento xudicial, administrativo ou arbitral máis adecuado, sempre que o solicite o interesado, non sexa temeraria a pretensión e as características do feito o permitan.

O asegurador nesos supostos informará o asegurado do seu dereito á libre elección de profesionais, que o representen e defendan no correspondente litixio, así como da súa facultade de designar os que lle propoña o asegurador.

b) Para os sinistros de defensa seguirase igual tramitación ca para os de reclamación, sempre que iso sexa posible e consecuente. O asegurador queda facultado para realizar xestións extraxudiciais tendentes a evitar o conflito, a súa solución ou transacción, dándolle conta ao asegurado.

Capítulo 7 - Resolución de discrepancias coa tramitación do sinistro

Cando o asegurador estime que non procede a iniciación dun preito ou a tramitación dun recurso, por considerar que non existen posibilidades razoables de éxito, deberá comunicarllo ao asegurado.

En caso de desconformidade, as partes poderán acollerse á arbitrase prevista no artigo 13 destas condicións.

O asegurado terá dereito, dentro dos límites da cobertura concertada, ao reembolso dos gastos habidos nos preitos e recursos tramitados en discrepancia co asegurador ou coa arbitrase, cando, pola súa propia conta, obtívase un resultado máis beneficioso.

Non quedará cuberto o pagamento dos gastos en que incorrese o asegurado nin das custas de contrario que puidesen serlle impostas mediante sentenza cando iniciase ou se opuxese a un preito sen posibilidades razoables de éxito, sempre que o asegurador lle puxese de manifesto a inviabilidade ou a arbitrase discrepase das razóns do asegurado.

Capítulo 8 - Conflito de intereses

No caso de conflito de intereses ou de desavianza sobre o modo de tratar unha cuestión litixiosa, o asegurador deberá informar inmediatamente o asegurado da facultade que lle compete de exercer os dereitos do artigo 9 sobre a libre elección de avogado e procurador, e do 13 sobre a solución de conflitos entre as partes.

Capítulo 9 - Elección de avogado e procurador

O asegurado terá dereito a elixir libremente o procurador que o represente nos procesos en que sexa preceptivo e o avogado que dirixa tecnicamente a defensa dos seus intereses en calquera clase de procedemento, pero no suposto de que o avogado elixido non resida no partido xudicial onde deba substanciarse o procedemento base

da prestación garantida, serán a cargo do asegurado os gastos e honorarios por desprazamentos que o devandito profesional inclúa na súa minuta.

Antes de proceder á súa designación, o asegurado comunicarlle ao asegurador o nome do avogado e do procurador elixidos. O asegurador poderá recusar xustificadamente o profesional designado e, de subsistir a controversia, someterase á arbitrase legalmente prevista.

O asegurado terá, así mesmo, dereito á libre elección de avogado e procurador nos casos en que se presente «conflito de intereses» entre as partes do contrato.

O avogado e o procurador designados polo asegurado non estarán suxeitos, en ningún caso, ás instrucións do asegurador, sen prexuízo da obriga de información do asegurado sobre as circunstancias das accións xudiciais emprendidas e sobre os recursos que vaia interpoñer, para os efectos do control económico do sinistro por parte do asegurador e do seu dereito de información sobre este.

Capítulo 10 - Pagamento de honorarios

O asegurador satisfará os honorarios do avogado que actúe en defensa do asegurado, polas actuacións xudiciais nas que interviñese, con suxeición aos criterios orientativos sobre honorarios do respectivo colexio de avogados. Os criterios orientativos de honorarios, polos seus mínimos, serán considerados como límite máximo da obriga do asegurador. As discrepancias sobre a interpretación das devanditas normas serán sometidas á comisión competente do colexio de avogados correspondente.

Os dereitos do procurador nos procedementos en que a súa intervención sexa preceptiva serán aboados conforme o seu arancel.

Cando na reclamación dos dereitos do asegurado se acuda á vía xudicial, administrativa ou arbitral, se o avogado designado polo asegurado para defendelo é elixido fóra do ámbito da organización xurídica do asegurador, reembolsaráselle ao asegurado os honorarios que o seu avogado lle presentase pola súa intervención no procedemento, sempre dentro dos límites de gastos xurídicos garantidos nas Condicións Particulares do contrato e suxeitos ás normas profesionais sobre honorarios antes referidos. Nos mesmos termos e límites, os aranceis do procurador aboaráselle cando a representación por ese profesional sexa preceptiva no procedemento. Para facer efectivo o reintegro destes gastos, o asegurado deberá acreditar o pagamento efectuado por el coas correspondentes minutas, facturas e recibos.

Cando o avogado designado e elixido polo asegurado para defendelo sexa dos propostos pola compañía, os seus honorarios profesionais serán satisfeitos directamente polo asegurador ao profesional.

Se, por elección do asegurado, interviñese no procedemento máis dun avogado, o asegurador satisfará como máximo os honorarios equivalentes á intervención dun só deles, e iso suxeito sempre ás anteriores normas sobre honorarios profesionais.

O asegurador non aboará honorarios, dereitos e gastos nos que o asegurado puidese incorrer cando na sentenza se impoña o seu pagamento á parte contraria, salvo que se declare a insolvencia desta.

Capítulo 11 - Transaccións

O asegurado pode transixir os asuntos en trámite, pero se iso produce obrigas ou gastos a cargo do asegurador, deberá contar coa conformidade ou autorización do asegurador. O Asegurador non asumirá os gastos que deriven da transacción, salvo que exista acordo sobre a súa necesidade ou conveniencia entre asegurado e asegurador.

Capítulo 12 - Extensión territorial e dereito aplicable

As coberturas contratadas serán de aplicación para feitos ocorridos dentro do territorio español e Principado de Andorra. Andorra asimilárase a España para os efectos das garantías contratadas.

Capítulo 13 - Solución de conflitos entre as partes

O Asegurado terá dereito a someter a arbitrase calquera diferenza que poida xurdir entre el e o asegurador sobre o contrato de seguro.

A designación de árbitros non se poderá facer antes de que xurda a cuestión disputada.

Capítulo 14 - Suma asegurada

A suma asegurada será de 6000 EUR.

Nos límites de gastos anteriores, a parte correspondente a honorarios e gastos de avogado será como máximo do 50 % da suma asegurada.

No caso de que un mesmo sinistro afecte a varias garantías, o límite máximo de gastos garantidos para o conxunto das prestacións do sinistro será a suma asegurada antes indicada.

Cando a defensa xurídica do asegurado implique a consignación de fianzas penais, o límite máximo conxunto de responsabilidade do asegurador non superará a suma asegurada.

No suposto de que o asegurado non exercese o seu dereito á libre elección de avogado, a compañía asumirá os honorarios derivados da actuación do avogado proposto polo asegurador e satisfarallos directamente ao profesional, sen cargo ningún para o asegurado, e non será de aplicación o límite establecido no primeiro parágrafo.

Capítulo 15 - Prazos de carencia

É o período de tempo posterior á data de efecto da póliza durante a cal, se se produce un sinistro, non queda garantido.

Nas garantías relativas a materia contractual, o prazo de carencia será de tres meses, que se contarán desde a data en que entrou en vigor o seguro.

Non haberá cobertura se no momento de formalizar esta póliza ou durante o prazo de carencia algunha das partes rescinde o contrato orixe do litixio ou solicita a súa resolución, anulación ou modificación.

Capítulo 16 - Sinistros non cubertos polo seguro de defensa xurídica

Non quedan cubertos, en ningún caso, os seguintes eventos:

- Os que teñan a súa orixe ou estean relacionados co proxecto, construción, transformación ou derrubamento do inmovible ou instalacións da vivenda, vivendas ou inmovibles de propiedade, usufruto, posesión ou uso do tomador ou demais asegurados da póliza. Conceptúanse como tales os vicios ou defectos de construción, as instalacións entregadas co inmovible e todas aquelas obras para as que as ordenanzas requiran licenza municipal e proxecto técnico.
- Os relacionados con vehículos a motor e os seus remolques dos que sexan titulares ou condutores os asegurados desta póliza, excepto a defensa ante infraccións administrativas de tráfico.
- Os que se produzan no exercicio dunha actividade profesional, industrial ou comercial do asegurado ou deriven de calquera actividade allea ao ámbito da súa vida particular.
- As reclamacións que poidan formularse entre si os asegurados nesta póliza ou calquera deles contra o asegurador desta.
- Os litixios sobre cuestións de propiedade intelectual ou industrial, así como os procedementos xudiciais en materia de urbanismo, reparcelación ou expropiación.
- Os sinistros asegurados que se declaren despois de transcorrerem dous anos desde a data en que ocorreron, salvo en materia fiscal en que o prazo será de catro anos.
- A reclamación do dano moral ou inmaterial, salvo como reclamación accesoria e subordinada dunha reclamación económica principal de dano patrimonial cuberta polo seguro.
- As reclamacións xudiciais de contía económica de prexuízos inferior á contía mínima litixiosa, que é de 250 EUR.
- Os litixios que deriven ou teñan a súa orixe en folgas, peches patronais, conflitos colectivos de traballo ou regulacións de emprego.
- Os eventos causados voluntariamente polo asegurado.
- A emisión de informes e ditames por escrito, así como a redacción de calquera tipo de contrato ou cubrir impresos ou declaracións oficiais de carácter periódico ou obrigacional, singularmente os servizos de xestoría, asesoramento contable e asesoría técnica.

II. Descrición das garantías de defensa xurídica

1. Reclamación de danos

I - Reclamación de danos corporais e materiais

Esta garantía comprende a protección dos dereitos do asegurado, no ámbito da súa vida privada e familiar, reclamando os danos (corporais e materiais), de orixe non contractual, con resultado de lesións ou danos materiais en bens móbiles da súa propiedade, ocasionados por un terceiro identificado por imprudencia ou dolosamente.

Támén quedará cuberta a reclamación dos prexuízos patrimoniais derivados dos danos corporais ou materiais antes citados.

Os animais de compañía asimílanse ás cousas móbiles. Reclamarase ata esgotar a suma asegurada.

No caso de falecemento do asegurado, poderán exercer a reclamación os seus familiares, herdeiros ou beneficiarios.

II - Reclamación de danos como peón

Esta garantía de reclamación de danos esténdese á reclamación de danos e perdas sufridos polo asegurado como peón como consecuencia dun accidente de circulación, condutor de vehículo terrestre sen motor, ocupante dun vehículo a motor ou de embarcación de uso particular, pasaxeiro de calquera medio de transporte terrestre, ou como practicante non profesional de calquera deporte, non relacionado co motor.

Támén se estende á reclamación dos danos materiais causados aos vehículos terrestres sen motor propiedade do asegurado, que estean amparados pola póliza.

No caso de falecemento do asegurado, poderán exercer a reclamación os seus familiares, herdeiros ou beneficiarios.

2. Defensa penal privada e familiar

Esta garantía comprende a defensa penal dos membros que integran a unidade familiar en procesos que os sigan por imprudencia, impericia ou negligencia, por feitos relacionados coa vida privada e familiar.

A garantía esténdese á defensa penal do asegurado como peón, condutor de vehículo terrestre sen motor, ocupante dun vehículo a motor ou de embarcación de uso particular, pasaxeiro de calquera medio de transporte terrestre, ou na práctica non profesional de calquera deporte, non relacionado co motor.

3. Dereitos relativos á vivenda habitual e ocupación ilegal

A cobertura desta garantía comprende a protección dos intereses do asegurado en relación coa vivenda situada en territorio español, designada nas Condicións Particulares como domicilio habitual do tomador, da que sexa propietario, arrendatario ou usufrutuario, nos seguintes supostos:

1. Como propietario, inquilino ou usufrutuario, garántese a reclamación:

- Por danos de orixe non contractual, causados na vivenda asegurada por terceiros identificados.
- Polo desenvolvemento por parte de veciños lindeiros do asegurado de actividades prohibidas nos estatutos, que resulten daniñas para o predio ou que contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
- Por danos de orixe non contractual, causados por terceiros identificados aos bens móbiles propiedade do asegurado situados na vivenda familiar asegurada.
- Por incumprimento dos contratos de servizos de obras menores, reparación, conservación ou mantemento das instalacións da vivenda asegurada cando o pagamento de tales servizos corresponda integramente e fose satisfeito polo asegurado.
- E a defensa da responsabilidade penal do asegurado en procesos seguidos por imprudencia, impericia ou negligencia, con motivo de residir na vivenda asegurada.

2. Como propietario ou usufrutuario en relación:

- Cos conflitos cos seus inmediatos veciños por cuestións de servidumes de paso, luces, vistas, distancias, lindes, medianeirías ou plantacións.

- Coa defensa da súa responsabilidade penal en procesos seguidos por imprudencia, impericia ou negligencia, como membro da xunta de copropietarios do edificio no que estea a vivenda asegurada.
- Coa defensa e reclamación dos seus intereses fronte á comunidade de propietarios, sempre que estivese ao corrente do pagamento das cotas legalmente acordadas.

Coa reclamación polo tomador fronte ao vendedor da vivenda por incumprimento do contrato de compravenda, sempre e cando o incumprimento sexa consecuencia dun feito ocorrido con posterioridade á data de efecto desta garantía. **Non queda cuberta a reclamación por defectos ou vicios de construción da edificación, nin por incumprimento dos prazos de entrega.**

3. Como inquilino en relación:

Cos conflitos derivados do contrato de alugamento. **Non quedan cubertos os xuízos de desafiuzamento por falta de pagamento ou de reclamación de rendas non pagadas.**

4. Ocupación ilegal

A defensa en relación cos conflitos xurdidos pola ocupación ilegal da vivenda asegurada por terceiras persoas coas que non exista ou existise vínculo contractual ou relación de parentesco en calquera grao. O asegurador asume os gastos de defensa necesarios para recobrar a posesión da vivenda. **Non se garante a situación de precario consentido existente ao inicio da póliza ou durante a súa vixencia. Establécese un prazo de carencia de seis meses desde a data de entrada en vigor do seguro.**

4. Contratos de subministración

Esta garantía comprende a reclamación por incumprimento dos contratos de subministracións da vivenda, tales como auga, gas, electricidade ou teléfono.

Para a efectividade da garantía, será condición que a contía da reclamación sexa superior ao importe da cuarta parte do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento.

5. Defensa en infraccións administrativas

Esta garantía comprende a defensa do asegurado no procedemento administrativo sancionador fronte a denuncias e sancións que a Administración lle impute ou imponha como particular, por presuntas infraccións administrativas.

A garantía esténdese á defensa do asegurado nas sancións administrativas que poidan serlle impostas, persoalmente ou en relación cos vehículos terrestres sen motor amparados pola póliza, que conduza ou dos que sexa propietario, por presuntas infraccións das disposicións reguladoras do tráfico e circulación de vehículos a motor.

A prestación do asegurador consistirá na redacción dos escritos de descarga e de recursos que procedan en vía administrativa.

Non queda garantida a defensa na vía contencioso-administrativa.

En todo caso, corresponderalle ao asegurado o pagamento da sanción económica que definitivamente puidese serlle imposta.

6. Defensa laboral

Esta garantía comprende a defensa do asegurado na reclamación dos dereitos laborais do asegurado nos conflitos individuais de traballo, contra o empresario privado ou organismos públicos para os que preste os seus servizos, por incumprimento das normas contractuais e que deban substanciarse necesariamente ante os organismos de conciliación laboral e a xurisdición social.

Cando non sexa competente a xurisdición laboral, a reclamación dos dereitos dos funcionarios públicos limitarase ao trámite de instrución do expediente administrativo e posteriores recursos que deban ser resoltos en vía administrativa pola autoridade administrativa.

Esta garantía comprende:

A defensa da responsabilidade penal, por imprudencia, impericia ou negligencia, en procesos seguidos contra o asegurado durante e con motivo do desempeño do seu traballo como asalariado.

A reclamación fronte ao terceiro responsable, identificable, de danos corporais obxectivos que se lle causen ao asegurado, por imprudencia ou dolosamente, no desempeño do seu traballo como asalariado.

A reclamación de prestacións sociais en litixios relacionados co Instituto Nacional da Seguridade Social, montepíos e mutualidades de previsión social, así como a reclamación en litixios co Instituto Nacional da Seguridade Social, dos dereitos derivados da súa pensión de xubilación, viuvez ou invalidez. Para que produza efecto, requirirá dunha resolución administrativa previa expresa denegatoria da prestación social ou restritiva dos dereitos do asegurado.

A defensa dos intereses do asegurado fronte ás reclamacións do seu servizo doméstico ante a xurisdición social, sempre que o asistente estea dado de alta no réxime da Seguridade Social. **Non se inclúe a defensa fronte a reclamacións por falta de pagamento do salario.**

7. Contratos de servizos

Esta garantía comprende a reclamación por incumprimento dos seguintes contratos de arrendamento de servizos que afecten á vida privada e familiar do asegurado e dos que sexa titular e destinatario final como consumidor ou usuario:

- Servizos de profesionais titulados, universitarios con actividade regulada legalmente.
- Servizos médicos e hospitalarios.
- Servizos de viaxes, turísticos e de hostalería.
- Servizos de ensino regulado legalmente e de transporte escolar.
- Servizos de limpeza, lavandería e tinturería.
- Servizo de mudanzas.
- Servizos técnicos oficiais de reparación de electrodomésticos expresamente autorizados polo fabricante.

Non quedan cubertos por esta garantía os contratos de subministracións, como auga, gas, electricidade ou teléfono.

8. Contratos de bens mobles

Esta garantía comprende a reclamación dos intereses do asegurado en relación coa reclamación en litixios por incumprimento dos contratos de compravenda, depósito, permuta, peñoramento e outros análogos, que teñan por obxecto os bens mobles da vivenda.

Entenderase por bens mobles exclusivamente os obxectos de decoración e mobiliario (salvo antigüidades), aparatos electrodomésticos, efectos persoais e alimentos, sempre que tales bens sexan propiedade do asegurado e os utilice para o seu uso persoal. Os animais de compañía asimílanse aos bens mobles.

Quedan excluídas da cobertura as antigüidades, coleccións filatélicas ou numismáticas, e as xoias ou obras de arte cuxo valor unitario exceda de 3000 EUR.

9. Dereito fiscal

Esta garantía comprende a defensa dos intereses do asegurado en reclamacións directamente relacionadas coa declaración dos impostos sobre a renda das persoas físicas e do patrimonio, que consistirá na interposición das alegacións e recursos que procedan en vía administrativa fronte aos requirimentos e resolucións da Axencia Tributaria ou Administración competente.

No queda garantida a preparación, cálculo ou cobertura das declaracións deses impostos.

Non queda garantida a defensa na vía contencioso-administrativa.

10. Asistencia xurídica telefónica e xestión documental

I. Consulta xurídica telefónica

O teléfono 91 836 20 90 estará operativo desde as 9:00 ata as 18:00 h de luns a venres. Non se atenden chamadas nin as fins de semana nin festivos nacionais.

Mediante esta garantía o asegurador prestaralle ao asegurado «asesoramento xurídico telefónico», a través do servizo de avogados do Centro de Asistencia Xurídica, para calquera cuestión legal que lle sobreveña no ámbito da súa vida privada e familiar, como consumidor ou usuario, que requira de orientación ou consulta xurídica para a mellor defensa ou coñecemento dos seus dereitos.

A consulta será atendida verbalmente sen emisión de ditame escrito. A consulta atenderase no momento e, se fose necesario estudar o caso, o prazo máximo de resposta será de 24 horas.

Para recibir a prestación, o asegurado contactará por teléfono, no número 91 836 20 90, co «Centro de Asistencia Xurídica» e contará cos servizos dun avogado para asesoralo na consulta relacionada coas seguintes materias: laboral, fiscal, automóbil, defensa e reclamación de dereitos, vivenda (propiedade, arrendamento).

II. Xestión documental

Se tras a consulta xurídica realizada, o avogado considera necesaria a revisión de documentos ou correspondencia, solicitaralle ao asegurado que remita por correo ordinario/electrónico ou fax a pertinente documentación. Logo de examinala e revisala, seralle devolta polo mesmo medio ao asegurado coas modificacións, redactado ou consideracións xurídicas que o avogado entenda convenientes.

A xestión documental relacionada coa consulta xurídica no ámbito privado e familiar comprende exclusivamente a seguinte tipoloxía de documentos:

- Redacción de modelo de «cartas de reclamación» a empresas privadas e particulares.
- Redacción de escritos dirixidos a empresas privadas e particulares rexeitando pagamentos e obrigas.
- Revisión de documentos privados.
- Revisión de cláusulas contractuais.

Os avogados verificarán os documentos e axudarán a redactalos da forma que mellor conveña aos dereitos do asegurado nas seguintes reclamacións e exclusivamente referidas á vía amigable de reclamación:

- Por incumprimentos de contratos privados, instando o industrial, comerciante ou profesional ao seu cumprimento.
- Por perda de equipaxes e/ou atrasos inxustificadas do transportista.
- Por produtos defectuosos fronte ao fabricante ou vendedor.
- Por incumprimento do prazo da garantía na compra de bens de uso doméstico (lavadora, televisión, frigorífico, lavalouza, aparatos de alta fidelidade de imaxe e son etc.).
- Por cobramento indebido das compañías de subministración (auga, luz, gas e teléfono).
- Para comunicarlle ao inquilino ou ao propietario da vivenda incrementos de renda de alugamento ou para se opoñer a eles.
- Por falta de pagamento da renda por parte do inquilino.
- Para a prórroga do contrato de arrendamento.
- Para solicitarlle ao presidente da comunidade de propietarios puntos ou temas da orde do día da xunta de propietarios.
- Solicitudes de acceso, rectificación e/ou cancelación de datos persoais, en ficheiros informáticos, cando legalmente proceda.

A xestión documental non comprende:

- A sinatura do documento por conta do asegurado, a súa tramitación, envío ou presentación.
- A cobertura de impresos oficiais de calquera tipo, instancias a organismos oficiais ou xudiciais, autodeclaracións de impostos ou de obrigas legais.
- A emisión de informes ou ditames escritos sobre a cuestión sometida a consulta xurídica.
- A defensa ou representación do asegurado en procedementos xudiciais, arbitrerais ou administrativos.
- Cuestións fiscais ou de seguridade social.

A garantía ten aplicación exclusivamente para aquelas cuestións con transcendencia xurídica, sobrevidas tras o efecto da póliza, de índole privada que afecten á vida privada e familiar do asegurado e que deban resolverse conforme a lexislación española.

11. Defensa administrativa e xudicial ante infraccións administrativas de tráfico

Garánteselle ao asegurado a defensa fronte a denuncias e/ou sancións administrativas relacionadas coa propiedade, o uso ou a circulación do vehículo do tomador da póliza.

O tomador notificará a denuncia ou sanción ao Centro de Asistencia Xurídica coa maior brevidade e, en calquera caso, cunha antelación mínima de sete días laborables á finalización do prazo para recorrer. Un avogado do Centro de Asistencia Xurídica asesorará o tomador sobre as posibilidades de éxito do recurso e, de considerar que existen posibilidades, redactarao.

Exclúese a defensa por infraccións derivadas do exercicio de calquera actividade sometida á lexislación especial de transportes.

Garántese:

1. A redacción, presentación e tramitación dos escritos de alegacións e dos recursos que procedan en vía administrativa. Este servizo prestarano avogados do Centro de Asistencia Xurídica.
2. A defensa do tomador en vía contencioso-administrativa, sempre que a contía discutida fose superior á mínima litixiosa establecida na póliza, a sanción imposta teña a natureza de moi grave, e comporte perda de puntos do permiso de conducir ou comportase a inmovilización do vehículo.

12. Acceso á rede de despacho de avogados e xestoría post mortem

a) Defensa e reclamación amigable

Naqueles casos que non cubra esta póliza, o asegurador pon á disposición do asegurado a posibilidade de contratar a defensa ou reclamación amigable dos seus intereses a través, indistintamente, da/das empresa/s que figura/n nas Condicións Particulares da póliza.

O custo deste servizo será a cargo do asegurado.

Esta xestión non incluírá a defensa e reclamación en procedemento administrativo, xudicial ou arbitral nin os gastos correspondentes a informes periciais que fose conveniente efectuar.

b) Defensa e reclamación en procedemento administrativo, xudicial ou arbitral

Naqueles casos que non cubra esta póliza, o asegurador pon á disposición do asegurado a posibilidade de contratar un avogado que defenda ou reclame os seus intereses nun procedemento administrativo, xudicial ou arbitral a través das empresas. O custo deste servizo será a cargo do asegurado.

As empresas faranse cargo do seguinte:

- A xestión de busca e conexión do profesional.
- Unha vez que se concreta a xestión que deba efectuar o avogado, a xestión tendente a facilitarlle ao asegurado o orzamento dos seus honorarios.

Será a cargo do asegurado a totalidade dos gastos xudiciais que se causasen, incluíndo os honorarios e gastos de avogado e/ou procurador, informes periciais, fianzas, taxas e custas xudiciais.

c) Xestoría post mortem

O prestador de servizos pon á disposición do asegurado, a través das empresas, a posibilidade de contratar os servizos dunha xestoría para a tramitación en vía administrativa dos seguintes documentos, en caso de falecemento do asegurado. O custo deste servizo será a cargo do asegurado.

1. Relativos ao asegurado

- Obtención da partida de nacemento, en extracto e literal.
- Obtención do certificado do rexistro de actos de últimas vontades e, de ser o caso, copia do último testamento do asegurado ou declaración dos herdeiros ab intestato.
- Tramitación de baixa no libro de familia.
- Tramitación de baixa do titular na cartilla do INSS.
- Obtención do certificado de defunción, en extracto e literal.

2. Relativos aos beneficiarios

- Obtención de copia do NIF do beneficiario, así como o seu enderezo de residencia.
- Obtención do certificado de matrimonio, en extracto e literal.
- Obtención do certificado de convivencia.
- Obtención do auxilio por defunción do INSS.
- Tramitación e obtención da alta na cartilla do INSS para o cónxuxe e os seus beneficiarios.
- Tramitación da pensión de viuvez e orfandade.
- Obtención do certificado de fe de vida.
- Asesoramento na tramitación sucesoria non litixiosa.
- Tramitación da carta de pagamento, cuantificación e xestión da liquidación parcial, de ser o caso, do imposto sobre sucesións e doazóns relativo ao capital de falecemento asegurado, cando a póliza establece o devandito capital por morte do asegurado, sendo a liquidación a cargo do beneficiario.

En todos os casos, o asegurado deberá facilitar os datos, autorizacións e documentación necesaria para a xestión no seu nome ante os diferentes organismos públicos. O resultado destas xestións queda supeditado a que os beneficiarios reúnan os requisitos necesarios e faciliten a documentación adecuada.

Será a cargo do beneficiario ou familia solicitante do servizo a totalidade dos gastos correspondentes a estes servizos.

13. Reclamación en conflitos relacionados co comercio electrónico e Internet

Garántese a defensa do asegurado en reclamación (amigable ou nun procedemento administrativo, xudicial ou arbitral) dos dereitos do asegurado, con motivo dos seguintes conflitos:

- Acoso, ameazas, inxurias, calumnias ou uso indebido de datos de carácter persoal a través de Internet e especialmente en redes sociais.
- Suplantación da identidade en Internet.
- Incumprimento dos contratos de compravenda de produtos ou servizos concertados a través de Internet.
- As denominadas estafas informáticas realizadas a través de Internet, é dicir, os delitos nos que, con ánimo de lucro e mediante manipulación informática, se consegue unha transferencia non consentida de patrimonio. Ex.: (PHISHING).

Más información na túa oficina BBVA e:



bbva.es



91 224 94 26



@bbva_esp



facebook.com/BBVAespana